

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### COMISIÓN NACIONAL DO MERCADO DE VALORES

- 19550** *Circular 5/2011, do 12 de decembro, da Comisión Nacional do Mercado de Valores, pola que se modifica a Circular 12/2008, do 30 de decembro, sobre solvencia das empresas de servizos de investimento e os seus grupos consolidables, e a Circular 7/2008, do 26 de novembro, sobre normas contables, contas anuais e estados de información reservada das empresas de servizos de investimento, sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo e sociedades xestoras de entidades de capital-risco.*

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A presente circular ten como obxectivo modificar as circulares 12/2008, sobre normas relativas á solvencia, e 7/2008, sobre normas referentes á contabilidade, ambas as dúas aplicables ás empresas de servizos de investimento e os seus grupos consolidables. No que respecta á solvencia modifícanse os conceptos relacionados con elementos que compoñen os fondos propios (accións e participacións preferentes, híbridos), grandes riscos, carteira de negociación e modelos internos para estes efectos e, por último, as políticas de remuneración. No que respecta á contabilidade incorpóranse entre as súas normas os preceptos relativos ás combinacións de negocios e a consolidación contable.

En relación coa Circular 12/2008, do 30 de decembro, da Comisión Nacional do Mercado de Valores, sobre solvencia das empresas de servizos de investimento e os seus grupos consolidables, esta circular realiza a transposición final das directivas 2009/111/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, pola que se modifican as directivas 2006/48/CE, 2006/49/CE e 2007/64/CE, así como da Directiva 2010/76/UE, tamén do Parlamento Europeo e do Consello, pola que novamente se modifican as mencionadas directivas 2006/48/CE e 2006/49/CE. A transposición iniciouse en primeiro lugar coa Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable; en segundo lugar coa Lei 6/2011, do 11 de abril, pola que se modifica a Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros, e, finalmente, co Real decreto 771/2011, do 3 de xuño de 2011, polo que se modifica o Real decreto 216/2008, do 15 de febreiro, de recursos propios das entidades financeiras.

Os desenvolvementos normativos en materia de solvencia non finalizaron. É previsible que para o ano en curso a Comisión Europea presente novos proxectos de directiva e regulamento sobre solvencia das entidades financeiras. Non obstante, considerando o prazo de transposición previsto para as directivas mencionadas no parágrafo anterior, 31 de outubro de 2010 para a Directiva 2009/111/CE, e 31 de decembro dese mesmo ano ou 1 de xaneiro de 2011, dependendo da materia, para a Directiva 2010/76/UE, débese modificar a Circular 12/2008, do 30 de decembro, da CNMV, sobre solvencia das empresas de servizos de investimento e os seus grupos consolidables, para dar cumprimento ás obrigas de transposición contidas nas dúas directivas mencionadas e con independencia de cambios necesarios que sexa preciso realizar no futuro.

As directivas mencionadas modifican as directivas 2006/48/CE e 2006/49/CE do Parlamento Europeo e do Consello, cuxo contido foi trasposto ao noso dereito a través da Lei 24/1988, do mercado de valores, do Real decreto 216/2008, de recursos propios das entidades financeiras, e, por último, a través da citada Circular 12/2008, do 30 de decembro, da CNMV.

A circular recolle o contido da Directiva 2009/111/CE do Parlamento Europeo e do Consello sobre conceptos relacionados con elementos que compoñen os fondos propios (híbridos) e o réxime de grandes riscos.

A presente circular tamén recolle, parcialmente, como se explica máis adiante, o contido da Directiva 2010/76/UE do Parlamento Europeo e do Consello, segunda das directivas que se traspoñen a través da modificación da Circular 12/2008, cuxo contido se pode resumir en modificacións na carteira de negociación e os modelos internos para o efecto, o réxime das «retitulizacións» e as políticas de remuneración. Na presente circular non se propoñen cambios sobre os conceptos que modifican a determinación das exixencias de recursos propios por risco de crédito das titulizacións ou «retitulizacións», ao estar regulado para as empresas de servizos de investimento por referencia á Circular 3/2008, do 22 de maio, do Banco de España, sobre a determinación e control dos recursos propios mínimos. En relación coas políticas de remuneración esta circular desenvolve o contido do Real decreto 771/2011, do 3 de xuño de 2011, polo que se modifica o Real decreto 216/2008, do 15 de febreiro, de recursos propios das entidades financeiras. Adicionalmente, de acordo co considerando 4 e a parte dispositiva da directiva, número 1 do anexo 1, reflectidos pola súa vez no número 1 do artigo 116 do mencionado real decreto, a circular establece a proporcionalidade necesaria para a aplicación práctica polo sector de empresas de servizos de investimento dos requisitos en materia de remuneración.

Por último, nesta circular faise referencia á Autoridade Bancaria Europea (EBA) como axencia europea de supervisión de creación recente, que substituíu un dos antes chamados comités de terceiro nivel: neste caso concreto a Autoridade Bancaria Europea (European Banking Authority), que substitúe o Comité Europeo de Supervisores Bancarios, cuxas funcións irá asumindo paulatinamente nos termos previstos pola súa norma de creación [Regulamento (UE) n.º 1093/2010, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de novembro de 2010].

En relación coa Circular 7/2008, do 26 de novembro, da Comisión Nacional do Mercado de Valores, sobre normas contables, contas anuais e estados de información reservada das empresas de servizos de investimento, sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo e sociedades xestoras de entidades de capital risco, que incorpora entre as súas normas os preceptos relativos ás combinacións de negocios e consolidación, xa sinalaban na súa exposición de motivos que «as reformas en materia contable para a modernización e harmonización internacional da contabilidade española requirirán tamén un desenvolvemento específico dunhas normas para a formulación de contas anuais consolidadas, que inexorablemente demandará a revisión das normas de consolidación incluídas nesta circular».

Os regulamentos (CE) 494/2009 e 495/2009 da Comisión adoptaron para a Unión Europea a modificación da Norma internacional de contabilidade (NIC) 27 «Estados financeiros consolidados e separados» e da Norma internacional de información financeira (NIIF) 3 «Combinacións de negocios».

A publicación do Real decreto 1159/2010, do 17 de setembro, polo que se aproban as Normas para a formulación de contas anuais consolidadas e se modifica o Plan Xeral de Contabilidade aprobado polo Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro, e o Plan Xeral de Contabilidade de Pequenas e Medianas Empresas aprobado polo Real decreto 1515/2007, do 16 de novembro, require a revisión das normas de consolidación incluídas nesta circular.

Non obstante e debido á súa menor relevancia para as empresas de servizos de investimento, optouse por regular as materias específicas e concretas relacionadas coas combinacións de negocios e consolidación, cuxos principios son de transcendental importancia para as entidades de crédito, por referencia directa á Circular 4/2004, do 22 de decembro, do Banco de España, a entidades de crédito, sobre normas de información financeira pública e reservada e modelos de estados financeiros.

O contido desta proposta estruturouse en dúas normas e unha disposición adicional, unha disposición transitoria e unha disposición derradeira. A primeira norma recolle as modificacións previstas en materia de solvencia das directivas que se traspoñen. As normas desta circular e, consecuentemente, as modificacións dos correspondentes artigos, ordénanse segundo a numeración do articulado da circular orixinal. Nalgúns

casos optouse por agrupar modificacións sobre unha mesma materia ou artigo recollidas en diferentes partes dunha mesma directiva ou en cambios das dúas directivas, nun só punto dunha norma, ao se tratar de cambios sobre un mesmo concepto, co que se pretende facilitar a comprensión da modificación.

A norma segunda recolle as propostas de modificacións que se consideran necesarias para unha aplicación práctica máis eficiente da actual Circular 7/2008, do 26 de novembro, da Comisión Nacional do Mercado de Valores, sobre normas contables, contas anuais e estados de información reservada das empresas de servizos de investimento, sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo e sociedades xestoras de entidades de capital risco, aclarando e precisando algúns conceptos e modificando outros para facilitar a aplicación das normas contables, que igualmente se ordenan de acordo coa numeración das normas da circular orixinal.

En ambas as dúas normas se recollen pequenas modificacións, correccións ou engadidos que non proveñen das directivas que se traspoñen ou do contido do Real decreto 1159/2010, senón que como produto da experiencia práctica na aplicación de ambas as dúas circulares pretenden aclarar conceptos, mellorar a redacción ou dar rango normativo a criterios que se están a empregar actualmente na supervisión das empresas de servizos de investimento.

Finalmente, inclúese unha disposición adicional que recolle as directivas que se traspoñen, unha disposición transitoria prevé o cumprimento de obrigas de información referidas a 2010 e unha disposición derradeira a data de entrada en vigor da circular.

En consecuencia, en uso das facultades que na materia ten conferidas, de acordo co Consello de Estado, logo de informe do Banco de España, a Dirección Xeral de Seguros e o Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, e conforme o establecido no artigo 15 da Lei 24/1988, do 28 de xullo,

A Comisión do Mercado de Valores dispuxo:

**Norma 1.<sup>a</sup>** *Modificacións da Circular 12/2008, do 30 de decembro, da Comisión Nacional do Mercado de Valores, sobre solvencia das empresas de servizos de investimento e os seus grupos consolidables con orixe nas directivas 2009/111/CE e 2010/76/UE do Parlamento Europeo e do Consello.*

1. Modifícase a redacción do artigo 1 relativo ao ámbito de aplicación, que quedará redactado da seguinte forma:

«Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. A presente circular será de aplicación ás empresas de servizos de investimento definidas nos artigos 62 e 64 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores e os seus correspondentes grupos consolidables, tal como se definen no artigo 86 da mencionada lei e nas súas normas de desenvolvemento.

2. Os grupos consolidables de empresas de servizos de investimento son aqueles en que existe unidade de decisión ben porque se dea unha situación de control ou ben porque existan actuacións sistemáticas en concerto, tal como se indica no artigo 86 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores e os seus desenvolvementos regulamentarios.

Presumirase que existe control cando unha entidade, que se cualificará de dominante, se encontre en relación con outra sociedade, que se cualificará de dependente, nalgunha das situacións previstas no artigo 42 do Código de comercio.

Adicionalmente, consideraranse grupos consolidables de ESI aqueles en que dúas ou máis entidades españolas consolidables pola súa actividade queden baixo unha mesma unidade de decisión por vías diferentes ao control, sempre que polo menos unha delas sexa unha ESI e sen que a unidade de decisión deba ter sido necesariamente establecida por contrato ou por medio de cláusulas estatutarias.

3. Para os efectos de precisar o concepto de control, cando dúas ou máis entidades posúan cada unha un número significativo de dereitos de voto dunha

mesma entidade, deberase analizar o resto de factores que determinan a existencia de control para determinar cal é a entidade dominante.

Para determinar os dereitos de voto da entidade dominante engadiranse aos que posúa directamente os que correspondan a outras entidades dependentes ou a través de persoas que actúen no seu propio nome pero por conta da entidade dominante ou doutras dependentes, ou aqueles dos cales dispoña concertadamente con calquera outra persoa.

No cómputo dos dereitos de voto teranse en conta tanto os actuais como os potenciais, tales como opcións de compra adquiridas sobre instrumentos de capital ou contratos de compra a prazo de tales instrumentos, incluídos os posuídos por outras entidades ou persoas, que sexan actualmente convertibles ou exercitables, tendo en conta os feitos e circunstancias que afectan as condicións de conversión ou de exercicio. De acordo con iso, na valoración da contribución dos dereitos potenciais de voto para a existencia de grupo, a entidade tomará en consideración todos os feitos e circunstancias que o afectan, tales como as condicións do seu exercicio. Pola contra, non se tomará en consideración a intención do consello de administración ou órgano equivalente nin a capacidade financeira da entidade para convertelos ou exercelos.

A obriga de consolidar deberase levar a cabo aínda cando a participación nas entidades consolidables se posúa a través de entidades do grupo económico non consolidable.

4. Non obstante o disposto en números anteriores, os grupos consolidables de ESI que non deban cumprir as súas obrigas de determinación de recursos propios en base consolidada, como aqueles grupos que cumpran os requisitos previstos no número 2 do artigo 43 do Código de comercio, deberán cumprir as obrigas contables que lles sexan de aplicación segundo o previsto na lexislación mercantil.

5. As disposicións contidas nesta Circular non serán de aplicación ás empresas de asesoramento financeiro, que se axustarán no relativo aos seus fondos propios ao previsto no Real decreto 217/2008, do 15 de febreiro, sobre o réxime xurídico das empresas de servizos de investimento e demais entidades que prestan servizos de investimento e polo que se modifica parcialmente o Regulamento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, aprobado polo Real decreto 1309/2005, do 4 de novembro.»

2. Modificación do número 1 do artigo e incorporación dun novo número 7 a este artigo.

«1. Para os efectos do cumprimento das exixencias de recursos propios das empresas de servizos de investimento e os seus grupos consolidables, tal como se establecen nesta circular, os recursos propios estarán compostos polos seguintes conceptos:

a) O capital social máis a correspondente conta de primas de emisión, na medida en que se desembolsase, sirva plenamente para absorber perdas en situacións normais e, en caso de creba ou liquidación, teña menor prelación que todos os demais créditos.

b) As reservas efectivas e expresas.

c) Os resultados do exercicio corrente, durante o exercicio e, ao seu peche, ata que teña lugar a aplicación de resultados, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- Que exista un compromiso formal de aplicación de resultados por parte do órgano de administración da entidade.

- Que as contas en que se reflectan os citados resultados fosen verificadas con informe favorable polos auditores externos da entidade.

- Que se acredite, á satisfacción da Comisión Nacional do Mercado de Valores, que a parte de resultados que se deberá computar se encontra libre de toda carga previsible e, en especial, de gravames impositivos e dividendos.

c bis) Instrumentos distintos dos establecidos na letra a) que cumpran os requisitos previstos na letra h) deste número e no número 7 deste artigo.

d) As reservas de regularización, actualización ou revalorización de activos que fosen computables antes da entrada en vigor da Circular 7/2008 da CNMV sobre normas contables, contas anuais e estados de información reservada das empresas de servizos de investimento, sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo e sociedades xestoras de entidades de capital risco, así como as derivadas da formulación de contas cos principios recollidos na mencionada circular sempre que estean debidamente rexistradas na contabilidade e se correspondan con activos de libre disposición. As reservas desta natureza asociadas a procesos de fusión non se contabilizarán como recursos propios antes da inscrición da fusión no Rexistro Mercantil, restándose entre tanto dos activos revalorizados para os efectos do cálculo dos requirimentos de recursos propios.

e) Os fondos afectos ao conxunto de riscos da entidade, cuxa dotación se realizase separadamente dentro da conta de resultados ou con cargo a beneficios, e sempre que o seu importe figure separadamente no balance público da entidade.

f) A parte do capital social correspondente ás accións sen voto e ás accións rescatables cuxa duración non sexa inferior á prevista para os financiamentos subordinados recollidos na letra g) seguinte, reguladas na Lei de sociedades de capital.

g) Os financiamentos subordinados recibidos pola empresa de servizos de investimento que cumpran os requisitos establecidos nos parágrafos posteriores deste artigo.

h) Os financiamentos subordinados de duración indeterminada, na parte efectivamente desembolsada, que cumpran as seguintes condicións:

i. Que as condicións de emisión establezan a posibilidade de diferimento de xuros, e de aplicación da débeda e os xuros pendentes de pagamento á absorción de perdas sen necesidade de proceder á disolución da entidade.

ii. Que non poidan ser reembolsadas sen autorización previa da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

iii. Que estean subordinados na súa totalidade aos créditos de acredores non subordinados.

i) As porcentaxes que se indican a continuación dos importes brutos das plusvalías (netas de minusvalías) que se contabilicen como axustes por valoración de activos financeiros dispoñibles para a venda dentro do patrimonio neto tal como se recollen na Circular 7/2008 da CNMV sobre normas contables, contas anuais e estados de información reservada das empresas de servizos de investimento, sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo e sociedades xestoras de entidades de capital risco. Os ditos importes brutos estarán constituídos polo saldo acredor de cada unha das contas dos axustes derivados de instrumentos de débeda ou de capital máis a corrección impositiva aplicada para a súa integración nas ditas contas:

- O 35 por 100 dos axustes de valor correspondentes a plusvalías en valores representativos de débeda.

- O 45 por 100 dos axustes de valor correspondentes a plusvalías en valores representativos de renda variable.

Na medida en que as entidades ou os seus grupos non integren as porcentaxes das plusvalías mencionadas nos seus recursos propios computables, ou as integren parcialmente, o valor do activo, ou o que é o mesmo o valor da posición

que se vai considerar, tanto para os efectos dos requirimentos de recursos propios como para os efectos das deducións ou dos límites aos grandes riscos, consideraranse os importes brutos das plusvalías que contribúsen a incrementar os recursos propios. É dicir, só se terá en conta a cantidade que resulte de multiplicar o importe total das plusvalías contabilizadas pola proporción que representen as plusvalías efectivamente computadas sobre a totalidade que, como máximo, se poderían ter computado de acordo con esta letra i). Esta posibilidade de cómputo será enteiramente libre para as entidades ou os seus grupos, ben que deberá ser comunicada á Comisión Nacional do Mercado de Valores mentres se mantéña, xunto cos estados previstos no artigo 155 do capítulo XII desta circular, mediante un anexo cos cálculos e axustes realizados ao respecto.

j) Só no caso de grupos consolidados, ademais dos conceptos anteriores que se mostren nos estados financeiros consolidados, os seguintes conceptos:

- As participacións representativas dos xuros minoritarios do grupo consolidado, na parte en que se encontre efectivamente desembolsada.
- As reservas en sociedades consolidadas.

No caso de que os instrumentos previstos na letra c bis) desen lugar a xuros minoritarios, deberán cumprir igualmente cos requisitos previstos na letra h) anterior e cos descritos no número 7 deste artigo.»

«7. Para se poderen considerar como recursos propios computables os instrumentos a que se refire a letra c bis) do número 1 deste artigo, deberán cumprir os seguintes requisitos:

a. Non terán data de vencemento ou o seu vencemento inicial será, como mínimo, de 30 anos. Poderán incluír unha ou varias opcións de compra á discreción do emisor, pero non serán reembolsables antes de que transcorran cinco anos desde a súa data de emisión. No suposto de que as condicións de emisión dos instrumentos de duración indeterminada incorporen algún incentivo para o seu reembolso pola entidade, a xuízo da Comisión Nacional do Mercado de Valores, o dito incentivo non se poderá facer efectivo antes de que transcorran dez anos desde a súa data de emisión. No caso de instrumentos con vencemento non se permitirá ningún incentivo ao reembolso nunha data que non sexa a do seu vencemento.

Os instrumentos, con ou sen data de vencemento, só se poderán rescatar ou reembolsar logo de autorización da Comisión Nacional do Mercado de Valores, quen poderá concedela se non se ven indebidamente afectadas as condicións financeiras ou de solvencia da entidade, e poderase exixir para tal fin que se substitúa o instrumento emitido por outros elementos dos previstos nas letras a) ou c bis) do número 1 anterior, de igual ou mellor calidade.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá suspender, ao seu vencemento ou en datas previas a este, o reembolso dos instrumentos con data de vencemento se a entidade non cumpre coas súas exixencias de recursos propios previstas no artigo 7 desta circular ou observa unha inadecuada situación financeira ou de solvencia.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá conceder autorización, en calquera momento, para o reembolso anticipado de instrumentos con ou sen vencemento, no suposto de que se produza unha modificación no réxime fiscal ou a clasificación regulamentaria aplicables dos ditos instrumentos que non estivese prevista na data de emisión.

b. As condicións de emisión dos instrumentos permitiranlle á entidade suspender, cando sexa necesario, o pagamento de xuros ou dividendos durante un período ilimitado, e sen efecto acumulativo. En todo caso, a entidade deberá cancelar tales pagamentos se non cumpre as exixencias de recursos propios requisitos establecidas no artigo 7 desta circular.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá exixir a suspensión de tales pagamentos baseándose na situación financeira e de solvencia da entidade. Toda suspensión deste tipo se entenderá sen prexuízo do dereito da entidade de substituír o pagamento de xuros ou dividendos por un pagamento consistente nalgún dos instrumentos a que se refire a letra a) do número 1 do artigo 3, sempre que calquera mecanismo deste tipo lle permita á entidade preservar os seus recursos propios.

c. As condicións de emisión dos instrumentos establecerán que o principal, os xuros ou os dividendos impagados sexan aptos para absorber perdas e non impidan a recapitalización da entidade por medio dos mecanismos adecuados.

d. En caso de creba ou liquidación da entidade, os instrumentos terán menor prelación que os instrumentos de duración indeterminada a que se refire a letra h) do número 1 deste artigo.»

3. Modifícase a letra k do número 1 do artigo 4 sobre deducións dos recursos propios. Engádese un novo número 4 a este artigo 4 sobre deducións dos recursos propios e, por último, engádese un novo número 5 a este mesmo artigo 4 sobre axustes para deducir dos recursos propios.

«k. O importe de calquera posición en titulizacións que manteña a entidade e que reciba unha ponderación do 1.250 por 100; salvo que o dito importe fose incluído no cálculo dos riscos ponderados para o cálculo dos requirimentos de recursos propios por activos titulizados.»

«4. O total dos elementos a que se refiren as letras h) a o) do número 1 do artigo 4 deducirase, nun 50 por 100, do total dos recursos propios básicos, e o outro 50 por 100 do total dos recursos propios de segunda categoría, unha vez aplicados os límites establecidos no número 1 do artigo 6.

Cando a metade do total das deducións previstas nas letras h) a o) do número 1 do artigo 4 supere o total dos recursos propios de segunda categoría, deducirase o excedente do total dos recursos propios básicos.

Os elementos a que se refire a letra k), titulizacións ponderadas ao 1.250 por 100, do artigo 4 non se deducirán dos recursos propios se foron incluídos no cálculo de posicións ponderadas por risco para os efectos de exixencias de recursos propios previstas no artigo 7.

5. As entidades aplicarán os requisitos previstos no artigo 14 a todos os seus activos valorados a valor razoable ao calcular o importe de fondos propios, e deducirán do total dos elementos das letras a), b), c) e c bis) do número 1 do artigo 3, menos o importe dos conceptos recollidos nas letras a), b), c), d), e), f) e l) do número 1 do artigo 4 relativas a aqueles elementos, o importe correspondente a calquera axuste adicional do valor que resulte necesario.»

4. Modificación do número 1 do artigo 6. Engádese a este artigo un novo número 6, un novo número 7 e, finalmente, un novo número 8.

«1. Os recursos propios básicos dunha empresa de servizos de investimento estarán constituídos pola suma dos elementos recollidos nas letras a), b), c) e c bis) do número 1 do artigo 3.

Os recursos propios básicos dun grupo consolidable de empresas de servizos de investimento incluírán, co seu signo, os elementos citados no parágrafo precedente que resulten da consolidación dos correspondentes estados contables; as participacións representativas dos intereses minoritarios que se poidan incluír entre as reservas efectivas e expresas previstas na letra b) do número 1 do artigo 3 e as reservas en sociedades consolidadas a que se refire a letra j) do mesmo artigo, menos as deducións previstas na letra o) do artigo 4.»

«6. As deducións dos conceptos recollidos nas letras d) a n) do número 1 do artigo 4 efectuaranse nun 50 por 100 dos recursos propios básicos e nun 50 por 100

dos recursos propios de segunda categoría, unha vez aplicados os límites previstos neste artigo.

Cando a metade das deducións supere aos recursos propios de segunda categoría, o exceso deducirase dos recursos propios básicos.

Os elementos da letra k) do número 1 do artigo 4 non se deducirán se foron incluídos, para os efectos do disposto no cálculo das exixencias de recursos propios previstas no artigo 7, no cálculo das posicións ponderadas por risco segundo o previsto nesta circular.

7. Non obstante o disposto no número 1 deste artigo, o total dos elementos da letra c bis) do artigo 3 estará suxeito aos límites seguintes:

a. O total dos instrumentos que se deban converter en situacións de urxencia, e que se poidan converter por iniciativa da Comisión Nacional do Mercado de Valores, en calquera momento, sobre a base da situación financeira e de solvencia do emisor, en elementos recollidos na letra a) do número 1 do artigo 3, dentro dun intervalo predefinido, limitarase a un máximo equivalente ao 50 por 100 dos elementos das letras a) a c bis), menos os elementos das letras b), c) e d) do número 1 do artigo 4.

b. Con suxeición ao límite a que se refire a letra a) deste número, todos os demais instrumentos se limitarán a un máximo equivalente ao 30 por 100 dos elementos das letras a) a c bis), do número 1 do artigo 3, menos os elementos das letras b), c) e d) do número 1 do artigo 4.

c. A contía dos elementos que excedan os límites establecidos nas letras a), b) e c) anteriores estará suxeita ao límite fixado no número 4 do artigo 6.»

«8. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá autorizar as entidades, temporalmente en situacións de emerxencia, a superar os límites establecidos no número 6 anterior.»

5. Modifícanse as letras a) e b) do número 1.1 do número 1 do artigo 7.

«a) Respecto das súas actividades de carteira de negociación, as exixencias de recursos propios calculadas de acordo cos métodos establecidos na presente circular, polo risco de posición, e o risco de crédito de contraparte.

b) Respecto de todas as súas actividades, as exixencias de recursos propios calculadas de acordo cos métodos establecidos na presente circular, polo risco de tipo de cambio, o risco de liquidación e o risco sobre materias primas.»

6. Engádesse un novo número 1.4 ao número 1 do artigo 8.

«1.4 Para os efectos de determinar as exixencias individuais previstas no número 1.2 deste artigo, os activos representativos de participacións en entidades consolidables e os demais que non figuren nos estados contables consolidados non implicarán exixencias de recursos propios.»

7. Modifícase o número 2 do artigo 9.

«2. Cando se dea unha modificación substancial da base de cálculo recollida no número 1 anterior con respecto ao exercicio anterior, as entidades axustarán este importe á súa actividade real, tal como se prevé no número 4 deste artigo.»

8. Modifícase a redacción do artigo 12 relativo á definición de entidade obrigada, por referencia ao número 4 do artigo 86 da Lei do mercado de valores.

«Artigo 12. *Entidade obrigada.*

1. A entidade obrigada dun grupo consolidable de empresas de servizos de investimento, ou dun grupo mixto, será a definida como tal no número 4 do artigo 86 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.



2. Todo grupo consolidable de empresas de servizos de investimento disporá dunha entidade obrigada que, ademais de cumprir coas obrigas previstas no número 4 do artigo 86 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, asumirá os deberes que deriven das relacións coa Comisión Nacional do Mercado de Valores, tales como solicitar, elaborar e remitir documentación relativa ao grupo, atender os requirimentos e facilitar as actuacións inspectoras da Comisión Nacional do Mercado de Valores, e as que se prevexan nesta circular, sen prexuízo das obrigas das demais entidades integrantes do grupo, así como da capacidade da Comisión Nacional do Mercado de Valores para se dirixir directamente a calquera das entidades que o integren.»

9. Modifícase a redacción do artigo 14 sobre o proceso de valoración, que constará de 5 números.

«Artigo 14. *Proceso de valoración.*

1. As entidades deberán establecer e manter sistemas e controis adecuados que garantan estimacións de valoración prudentes e fiables.

Os sistemas e controis incluírán, polo menos, os seguintes elementos:

a) Políticas e procedementos documentados para o proceso de valoración, as cales preverán responsabilidades claramente definidas con respecto ás áreas que participan na valoración, as fontes de información de mercado e o exame da súa adecuación, directrices para o uso de datos non observables que reflectan as hipóteses da entidade acerca do que os participantes do mercado utilizarían ao determinar o prezo da posición, a frecuencia con que se leva a cabo unha valoración independente, a secuencia temporal dos prezos de peche, os procedementos de axuste das valoracións, e procedementos de verificación a final do mes e de carácter puntual.

b) Canles inequívocas e independentes do departamento de negociación para a transmisión de información ao departamento responsable do proceso de valoración. A canle de información deberá chegar en última instancia ata un membro executivo do consello de administración.

2. Todas as posicións da carteira de negociación estarán supeditadas aos criterios de valoración prudentes contidos neste artigo e acreditarase que o valor asignado a cada unha das posicións reflecte o valor actual de mercado. Este valor conterá un grao adecuado de certeza tendo en consideración a natureza dinámica destas posicións, as exixencias de solidez prudencial e a forma de operar e os obxectivos dos requirimentos de recursos propios.

Sempre que sexa posible, as entidades valorarán as súas posicións a prezos de mercado. A valoración a prezos de mercado consistirá en valorar, polo menos diariamente, as posicións aos prezos de peche do mercado obtidos de fontes independentes. A xeito de exemplo cabe citar os prezos da bolsa, as cotizacións electrónicas ou as cotizacións de diversos intermediarios independentes de prestixio.

Ao valorar prezos de mercado utilizarase, se for o caso, o lado máis prudente do intervalo prezo de oferta ou demanda, a menos que a entidade sexa un importante creador de mercado nun determinado tipo de instrumento financeiro ou materia prima que lle permita liquidala a prezo medio de mercado.

3. Cando non sexa posible a valoración a prezos de mercado, as entidades deberán valorar de forma prudente as súas posicións/carteras mediante un modelo antes de aplicar o réxime de capital relativo á carteira de negociación. A valoración segundo modelo defínese como calquera valoración que se deba obter tomando como referencia ou extrapolando datos do mercado, ou realizando calquera outro cálculo a partir dos ditos datos. Neste caso, cumpríranse os seguintes requisitos:

a) A alta dirección deberá coñecer os elementos da carteira de negociación que son valorados segundo un modelo e entender a incerteza que incorpora na información sobre o risco e o rendemento do negocio.

b) Os inputs de mercado utilizados no modelo deberán proceder, na medida do posible, das mesmas fontes que os prezos de mercado. Revisaranse frecuentemente os parámetros do modelo e o seu grao de adecuación á posición particular que está a ser valorada.

c) Cando estean dispoñibles, utilizaranse metodoloxías de valoración que respondan a prácticas aceptadas xeralmente polo mercado para este tipo de instrumentos financeiros ou materias primas concretas.

d) Cando a entidade desenvolva o seu propio modelo, este deberase basear en hipóteses adecuadas, que deberán ser valoradas e aprobadas por persoal cualificado da entidade alleo ao proceso de elaboración do modelo.

e) Deberanse implantar procedementos formais para o control de futuras modificacións do modelo e manter unha copia deste co obxecto de utilizala periodicamente para verificar as valoracións.

f) O departamento de xestión de riscos deberá ter constancia das deficiencias dos modelos utilizados e coñecer o mellor modo de reflectilas nos resultados da valoración.

g) O modelo deberase someter a exames periódicos co fin de determinar a fiabilidade dos seus resultados. Como exemplo de aspectos que se avaliarán en exames periódicos avaliarase de forma continua a validez das hipóteses, analizando as perdas e ganancias fronte a factores de risco, comparando os valores de liquidación efectivos cos resultados obtidos do modelo.

h) Mantemento, á disposición da Comisión Nacional do Mercado de Valores, dos procedementos, parámetros e hipóteses utilizados polo modelo debidamente documentados.

4. Os modelos desenvolvidos polas entidades deberanse desenvolver ou aprobar independentemente do departamento de negociación. Para iso deberanse validar as fórmulas matemáticas, as hipóteses empregadas e a aplicación dos programas informáticos.

Ademais da valoración diaria a prezos de mercado ou segundo modelo, realizarase unha verificación de prezos independente. Para iso, verificarase periodicamente a exactitude e independencia dos prezos de mercado e dos inputs utilizados no modelo. Mentres que a valoración diaria a prezos de mercado poderá realizala o persoal encargado da negociación, a verificación dos prezos de mercado e dos inputs do modelo deberá levala a cabo unha unidade independente do departamento de negociación e cunha periodicidade mínima mensual, ou de forma máis frecuente, en función da natureza do mercado e da actividade negociadora da entidade. Cando non se dispoña de fontes independentes de valoración ou as fontes de valoración sexan subxectivas, deberanse aplicar axustes de valoración.

5. As entidades deberán establecer e manter procedementos para tomar en consideración os axustes de valoración.

As entidades deberán considerar formalmente os seguintes axustes de valoración: diferenciais de crédito non devengados, custos de peche, riscos operativos, cancelación anticipada, custos de investimento e de financiamento, custos administrativos futuros e, cando proceda, o risco asociado á utilización dun modelo.

As entidades deberán establecer e manter procedementos para calcular un axuste da valoración corrente de posicións menos líquidas. Eses axustes realizaranse, de ser o caso, de forma adicional a calquera variación do valor da posición que resulte necesaria para os efectos de información financeira e estarán destinados a reflectir a iliquidez da posición. Conforme os ditos procedementos, as entidades terán en conta varios factores á hora de determinar se é necesario un axuste de valoración para as posicións menos líquidas. Entre tales factores figurarán o tempo que levaría cubrir a posición ou os seus riscos, a volatilidade e a media do diferencial entre o prezo de compra e o de venda, a dispoñibilidade de cotizacións de mercado (número e identidade dos creadores de mercado) e a

volatilidade e a media dos volumes negociados, incluídos os volumes negociados en períodos de tensión do mercado, as concentracións de mercado, a antigüidade das posicións, a medida en que a valoración se efectúe segundo modelo e o efecto doutros riscos de modelo.

Ao utilizar valoracións de terceiros ou segundo modelo, as entidades considerarán a conveniencia de efectuar un axuste de valoración. Ademais, as entidades considerarán a necesidade de prever axustes para as posicións menos líquidas e revisarán de forma continua a súa adecuación.

Respecto de produtos complexos, que poden consistir, entre outros, en posicións de titulización e derivados de crédito de n-ésimo impagamento, as entidades avaliarán explicitamente a necesidade de introducir axustes de valoración para reflectir as seguintes dúas formas de risco de modelo: o risco de modelo asociado á utilización dun método de valoración que puidese ser incorrecto e o risco de modelo asociado á utilización de parámetros de calibración inobservables (e posiblemente incorrectos) no modelo de valoración.»

10. Modifícase o primeiro parágrafo do número 6, «Derivados de crédito» do artigo 19, sobre normas xerais sobre instrumentos concretos:

«Ao calcular as exixencias de capital para o risco de mercado da parte que asume o risco de crédito, o "vendedor de protección", salvo outra disposición, as posicións valoraranse polo importe nocial do contrato de derivado do crédito. Non obstante o disposto na primeira frase, a entidade poderá decidir substituír o valor nocial polo valor nocial menos todo cambio de valor de mercado que sufrise o derivado de crédito desde o seu inicio. Para calcular a exixencia de risco específico, distinta das permutas financeiras de retorno total, aplicarase o vencemento do contrato derivado de crédito en lugar do vencemento da obriga de referencia. As posicións en derivados de crédito en que a entidade vendeu protección determínanse do seguinte modo:»

11. Engádesse á letra e do número 6 do artigo 19 un novo terceiro parágrafo co seguinte contido:

«Cando un derivado de crédito de n-ésimo impagamento ("nth-to-default") teña unha cualificación externa, o vendedor de protección calculará a exixencia de recursos propios por risco específico utilizando a cualificación do derivado e aplicará as ponderacións pertinentes por risco de titulización.»

12. Modifícanse os primeiros parágrafos do artigo 20 e a súa letra A referente ás exixencias de recursos propios por risco específico en valores de renda fixa.

«As exixencias de recursos propios para a cobertura dos riscos xeral e específico calcularanse sobre a posición neta, longa ou curta, tal e como se define no artigo 18.

As posicións netas clasificaranse segundo a divisa en que estean expresadas e o cálculo realizarase separadamente para cada divisa.»

«A) Risco específico.

O risco específico é o risco de que se produza unha variación do prezo dun instrumento, por causas relacionadas ben co seu emisor ou co emisor do seu instrumento subxacente, se se trata dun instrumento derivado.

A entidade consignará as súas posicións netas da carteira de negociación en instrumentos que non sexan posicións de titulización, calculadas como se indica no artigo 18 ás oportunas categorías que figuran no cadro 1, conforme o seu emisor/debedor, cualificación crediticia externa ou interna e vencemento residual, e a continuación multiplicarase polas ponderacións indicadas no dito cadro. A exixencia de recursos propios por risco específico calcularase sumando as posicións

ponderadas así obtidas, con independencia de que estas sexan longas ou curtas. As entidades calcularán a súa exixencia de recursos propios por risco específico de posicións que sexan posicións de titulización de conformidade co previsto nesta letra A sobre risco específico.

Para os efectos do previsto nesta letra A a entidade poderá limitar o resultado da ponderación e a posición neta á perda relativa ao máximo risco posible de incumprimento. Para unha posición curta, este límite poderase calcular como un cambio no valor debido aos subxacentes nominais que se converten inmediatamente en libres de risco por incumprimento.

Cadro 1

Elementos	Exixencia por risco específico
Instrumentos que recibirían unha ponderación nula por risco de crédito conforme o método estándar detallado no capítulo III sobre risco de crédito .....	0%
Instrumentos que dispoñan dunha cualificación crediticia outorgada por unha ECAI recoñecida polo menos a un nivel de calidade crediticia de 3 ou mellor e que recibirían unha ponderación inferior ou igual ao 50 por 100 por risco de crédito conforme o método estándar detallado no capítulo III sobre risco de crédito:.....	
i) Cun vencemento residual inferior a 6 meses.....	0,25%
ii) Cun vencemento residual entre 6 e 24 meses.....	1%
iii) Cun vencemento residual superior a 24 meses .....	1,6%
Instrumentos que recibirían unha ponderación do 150 por 100 por risco de crédito conforme o método estándar detallado no capítulo III sobre risco de crédito .....	12%
Resto de instrumentos.....	8%

As entidades que apliquen as normas de ponderación do risco de crédito establecidas nos métodos avanzados de medición do risco de crédito (IRB), tal como se establecen na Circular 3/2008, do 22 de maio, do Banco de España, a entidades de crédito, sobre determinación e control dos recursos propios mínimos, poderán clasificar as súas posicións conforme a cualificación crediticia externa sempre que a súa cualificación interna (PD) sexa polo menos equivalente.

As posicións de titulización que sexan obxecto de dedución directa dos recursos propios ou cuxa ponderación do risco se eleve ao 1.250 por 100, tal como se establece no capítulo VI, serán obxecto dunha exixencia de capital non inferior á establecida nese capítulo.

Non obstante o disposto nos parágrafos anteriores, a entidade poderá determinar a maior das cantidades seguintes como a exixencia de recursos propios por risco específico para a carteira de negociación de correlación:

- a) A exixencia total de capital por risco específico aplicable unicamente ás posicións longas netas da carteira de negociación de correlación.
- b) A exixencia total de capital por risco específico aplicable ás posicións curtas netas da carteira de negociación de correlación.

A carteira de negociación de correlación consistirá en posicións de titulización e derivados de crédito de n-ésimo impagamento que cumpran os seguintes criterios:

- a) As posicións non sexan posicións de retitulización nin opcións sobre un tramo de titulización, nin ningún outro derivado de posicións en titulización de activos que non ofrezca unha participación proporcional nos ingresos dun tramo de titulización.

b) Todos os instrumentos de referencia son instrumentos uninominais, incluídos os derivados de crédito uninominais para os cales existe un mercado líquido activo de oferta e demanda, ou índices comunmente negociados que se baseen nestas entidades de referencia. Considerarase que existe un mercado activo de oferta e demanda cando haxa ofertas independentes e de boa fe para comprar e vender, de maneira que se poida determinar nun día un prezo razoablemente relacionado co último prezo de venda ou cotizacións competitivas de boa fe ofrecidas e solicitadas, e liquidarse a tal prezo nun prazo relativamente curto e de conformidade cos usos e costumes do sector.

Non poderán formar parte da carteira de negociación de correlación as posicións relacionadas cun dos elementos seguintes:

- a) Un subxacente que se poida asignar ás categorías de posición de crédito a retailistas ou créditos garantidos con bens inmoables.
- b) Un crédito sobre unha entidade con fins especiais.

Unha entidade poderá incluír na súa carteira de negociación de correlación posicións que non sexan nin posicións de titulización nin derivados de crédito de n-ésimo impagamento pero que cubran outras posicións da dita carteira, sempre que exista un mercado líquido de oferta e demanda conforme os parágrafos anteriores, para o instrumento ou os seus subxacentes.

A entidade ponderará as súas posicións netas respecto dos instrumentos na carteira de negociación que sexan posicións de titulización, calculándoas de conformidade co artigo 18, do seguinte modo:

a) En relación coas posicións de titulización que estarían suxeitas ao método estándar no que atinxe ao risco de crédito na carteira de investimento da mesma entidade, o 8% do importe da ponderación de risco conforme o método estándar que se detalla na sección cuarta do capítulo cuarto da Circular 3/2008, do 22 de maio, do Banco de España, a entidades de crédito sobre determinación e control dos recursos propios mínimos.

b) En relación coas posicións de titulización que estarían suxeitas ao método baseado en cualificacións internas na carteira de investimento da mesma entidade, o 8% do importe da ponderación de risco conforme o método baseado en cualificacións internas regulado na norma sesaxésimo primeira da circular citada na letra anterior.

Para os efectos das letras a) e b), o método IRB baseado na fórmula supervisora só poderán utilizalo logo de autorización da Comisión Nacional do Mercado de Valores as entidades que non sexan entidades orixinadoras que poidan aplicalo en relación coa mesma posición de titulización da carteira de investimento. De ser o caso, as estimacións da probabilidade de impagamento (PD) e perda en caso de impagamento (LGP), para o seu emprego no método da fórmula supervisora, faranse de conformidade co previsto no método IRB recollido na Circular 3/2008, do 22 de maio, do Banco de España, a entidades de crédito sobre determinación e control dos recursos propios mínimos ou, logo de autorización expresa da Comisión Nacional do Mercado de Valores, baseándose en cálculos derivados dun método que se axuste ao previsto nos artigos 26 a 28, e que se axusten aos criterios cuantitativos do método baseado en cualificacións internas.

Non obstante o disposto nas letras a) e b), en relación coas posicións de titulización que estarían suxeitas a unha ponderación de risco, por ter retido a entidade orixinadora ou sponsor un interese económico significativo, se pertencesen ás carteiras de investimento das mesmas entidades, aplicarase o 8% do importe da ponderación de risco.

A entidade calculará a existencia de recursos propios por risco específico sumando as posicións ponderadas que deriven da aplicación deste artigo, con independencia de que estas sexan longas ou curtas.

Posicións longas e curtas en instrumentos emitidos por "institucións", incluídas os bonos hipotecarios (bonos garantidos) para os cales non se dispón dunha cualificación crediticia emitida por parte dunha ECAI recoñecida e que cumpran as seguintes condicións:

- i. Son instrumentos suficientemente líquidos.
- ii. A súa calidade crediticia é polo menos equivalente á dos instrumentos mencionados en parágrafo precedente.
- iii. Cotizan polo menos nun mercado regulado dun Estado membro da Unión Europea ou nunha bolsa dun país terceiro sempre e cando a dita bolsa sexa recoñecida pola Comisión Nacional do Mercado de Valores.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá exixir que a entidade aplique un coeficiente superior ao indicado no cadro 1 aos instrumentos que presenten un risco especial debido á insuficiente solvencia do emisor do instrumento.»

13. Modifícase o segundo parágrafo do artigo 22 sobre exixencias de recursos propios por risco de posición en renda variable.

«A existencia de recursos propios para a cobertura dos riscos xeral e específico será a suma dos seguintes conceptos:

- Risco xeral: o importe da posición global neta multiplicada polo 8 por 100.
- Risco específico: o importe da posición global bruta multiplicada polo 8 por 100.»

14. Modifícase a redacción dos números 4, 5 e 6 do artigo 27 sobre requisitos dos modelos internos e engádense os números 7 a 20, coas seguintes redaccións:

«4. O cálculo do valor en risco estará suxeito ás seguintes regras mínimas:

- a) Cálculo diario, como mínimo, do valor do risco.
- b) Intervalo de confianza do 99 por 100 sobre unha soa cola de distribución.
- c) Horizonte de tenza equivalente a dez días (as entidades poderán utilizar números de valor en risco calculados de acordo con períodos de tenza máis curtos, ampliados ata 10 días, por exemplo, mediante a raíz cadrada do tempo. A entidade que utilice ese enfoque xustificará periodicamente o carácter razoable do seu enfoque á satisfacción da Comisión Nacional do Mercado de Valores).
- d) Período previo de observación de polo menos un ano, salvo cando un importante aumento da inestabilidade dos prezos xustifique un período de observación máis breve.
- e) Actualización mensual de datos.

5. O modelo de cálculo de risco englobará un número suficiente de factores de risco, en función do volume de actividade da entidade nos distintos mercados. Cando un factor de risco se incorpore ao modelo de fixación de prezos da entidade, pero non ao modelo de cálculo do risco, a entidade deberá poder xustificar esta omisión á satisfacción da Comisión Nacional do Mercado de Valores. Ademais, o modelo de cálculo do risco deberá reflectir as non linealidades en relación coas opcións e demais produtos, así como o risco de correlación e o risco de base. No suposto de que se utilicen aproximacións para os factores de risco, deberase ter demostrado a validez de tales aproximacións no que respecta á posición real mantida. Así mesmo, no que respecta aos diversos tipos de risco será de aplicación o seguinte:

a) Reflectir con exactitude a totalidade dos diferentes factores significativos de risco de prezo das opcións e das posicións asimiladas a opcións.

b) Con relación ao risco de tipo de xuro, o modelo interno incorporará un conxunto de factores de risco que corresponderán aos tipos de xuro de cada divisa en que teña posicións, en balance ou fóra de balance, expostas ao risco de tipo de xuro. A entidade modelará as curvas de rendementos conforme algún dos métodos xeralmente aceptados. No que respecta ás posicións importantes suxeitas a riscos de tipos de xuro nas principais divisas e mercados, a curva de rendimento deberase dividir, como mínimo, en seis segmentos de vencemento para englobar as variacións da volatilidade dos tipos ao longo da curva de rendimento. O sistema de cálculo de riscos deberá reflectir tamén o risco de movementos imperfectamente correlacionados entre distintas curvas de rendimento.

c) No referente ao risco de tipo de cambio, o sistema de cálculo do risco incorporará factores de risco correspondentes ao ouro e ás distintas divisas estranxeiras en que se manteñan posicións.

Para as IIC teranse en conta as posicións reais en divisas da IIC. As entidades poderanse basear na información de terceiros da posición en divisas na IIC, cando a corrección do dito informe estea adecuadamente garantida. Se unha entidade descoñece as posicións en divisas nun IIC, a dita posición deberase tratar por separado conforme o previsto no artigo 23.

d) No que respecta ao risco sobre accións, o sistema de cálculo do risco utilizará, como mínimo, un factor de risco diferenciado para cada un dos mercados de accións en que se manteñan posicións importantes.

e) Respecto ao risco de materias primas, o sistema de cálculo do risco utilizará, como mínimo, un factor de risco diferenciado para cada unha das materias primas en que se manteñan posicións importantes. O sistema tamén deberá reflectir o risco dunha correlación imperfecta dos movementos entre materias primas semellantes, aínda que non idénticas, así como a exposición a variacións dos prezos a prazo resultantes de desaxustes entre os vencementos. Así mesmo, teranse en conta as características do mercado, en particular, as datas de entrega e a marxe de que dispoñen os operadores para pechar posicións.

f) A entidade poderá utilizar correlacións empíricas dentro dunha mesma categoría de risco, ou entre distintas categorías, se a entidade demostra que o sistema utilizado para estimar as ditas correlacións ten un sólido fundamento e se aplica con rigor.

6. Para os efectos do cálculo das exixencias de recursos propios por risco específico relacionado con posicións en instrumentos sobre valores de renda fixa e accións negociadas, ou que teña estes como activo subxacente, os modelos internos utilizados deberán satisfacer os seguintes requisitos:

a) O modelo deberá permitir explicar suficientemente a variación do prezo histórico na carteira de valores.

b) O modelo deberá tomar en consideración o risco de concentración polo que se refire a volume e cambios de composición da carteira de valores.

c) O modelo deberá ser fiable en condicións adversas de mercado.

d) O modelo deberá ser validado mediante un control a posteriori destinado a analizar se o risco específico se reflicte correctamente.

e) O modelo reflectirá o risco de base, en especial, o modelo debe ser sensible a diferenzas idiosincrásicas importantes entre posicións similares pero non idénticas.

f) O modelo incorporará o risco de evento, entendido como o risco de sucesos de baixa probabilidade pero de gran severidade.

O modelo interno da entidade avaliará de forma prudente o risco que xurda de posicións menos líquidas e posicións con transparencia de prezos limitada en

situacións de mercado realistas. Ademais, o modelo interno cumprirá normas mínimas sobre os datos. As aproximacións serán debidamente prudentes e só se poderán utilizar cando os datos dispoñibles sexan insuficientes ou non reflectan a verdadeira volatilidade dunha posición ou carteira.

Unha entidade poderá excluír do cálculo da súa exixencia de capital fronte ao risco específico realizado mediante un modelo interno aquelas posicións en titulizacións ou en derivados de crédito de n-ésimo impagamento para as que xa satisfaga unha exixencia de capital por riscos de posición, con excepción das posicións que están suxeitas ao método establecido no número 18 deste artigo.

A medida que evolucionan as técnicas e as boas prácticas, as entidades deberán recorrer a esas novas técnicas e prácticas.

Non se exixirá a unha entidade que reflecta o risco de impagamento e migración para instrumentos de débeda negociable no seu modelo interno cando este reflecta eses riscos a través dos requisitos establecidos nos números 7 a 17 deste artigo.»

«7. As entidades suxeitas ao establecido no número 6 anterior en conexión cos instrumentos de débeda negociable disporán dun método que lles permita reflectir, no cálculo dos seus requirimentos de recursos propios, os riscos de impagamento e de migración das posicións da súa carteira de negociación incrementais con respecto aos riscos que se desprendan da avaliación do valor en risco (VaR), segundo se especifica no número 6 anterior. As entidades deberán demostrar que o seu método se atén a criterios de solidez comparables aos do método baseado en cualificacións internas (IRB) previsto no capítulo III, partindo da hipótese dun nivel constante de risco, e efectuando un axuste cando sexa conveniente para reflectir o impacto da liquidez, as concentracións, a cobertura e a opcionalidade.

#### Ámbito de aplicación

8. O método destinado a reflectir os riscos de impagamento e de migración incrementais aplicarase a todas as posicións suxeitas a exixencia de capital por risco específico de tipo de xuro, pero non ás posicións de titulización e derivados de crédito de n-ésimo impagamento. Logo de autorización da Comisión Nacional do Mercado de Valores, a entidade poderá incluír sistematicamente todas as posicións en renda variable cotizada e todas as posicións en derivados que se baseen en renda variable cotizada, sempre e cando tal inclusión resulte coherente coa forma interna en que a entidade calcula e xestiona o risco. O dito método reflectirá os efectos das correlacións entre os eventos de impagamento e os eventos de migración. Os efectos da diversificación entre, por un lado, os eventos de impagamento e de migración e, por outro, outros factores de risco de mercado non se reflectirán.

#### Parámetros

9. O método utilizado para reflectir os riscos incrementais deberá permitir calcular as perdas por impagamento e migración das cualificacións internas ou externas cun intervalo de confianza do 99,9 por 100 e un horizonte de capital dun ano.

As hipóteses de correlación sustentaranse na análise de datos obxectivos nun contexto conceptualmente sólido. O método utilizado para determinar os riscos incrementais deberá reflectir adecuadamente as concentracións de emisores. Deberán quedar reflectidas tamén as concentracións que poidan xurdir nunha mesma clase de produto e entre varias clases de produtos en condicións de tensión. O método basearase na hipótese dun nivel constante de risco durante o horizonte de capital dun ano, de modo que certas posicións ou conxuntos de posicións da carteira de negociación que rexistrasen impagamento ou migración durante o seu horizonte de liquidez se reequilibren ao finalizar o dito horizonte de



liquidez e se sitúen no nivel de risco inicial. A entidade pode tamén optar, se o desexa, por utilizar sistematicamente unha hipótese de posición constante durante un ano.

10. O horizonte de liquidez fixarase en función do tempo necesario para vender a posición ou dar cobertura a todos os riscos de prezo pertinentes nun mercado en tensión, prestando especial atención ao volume da posición. O horizonte de liquidez reflectirá a práctica e a experiencia reais durante períodos de tensión tanto sistemática como idiosincrática. Determinarase a partir de hipóteses prudentes e será suficientemente longo, de modo que o acto de vender ou dar cobertura, en si mesmo, non afecte significativamente o prezo ao que se executen a venda ou a cobertura.

O horizonte de liquidez apropiado para unha posición ou conxunto de posicións non poderá ser inferior a tres meses.

Ao determinar o horizonte de liquidez apropiado dunha posición ou conxunto de posicións deberase ter en conta a política interna que aplica a entidade en relación cos axustes de valoración e a xestión de posicións antigas. Cando unha entidade determine os horizontes de liquidez para conxuntos de posicións, en lugar de para posicións individuais, os criterios para definir os ditos conxuntos de posicións estableceranse de modo que reflectan as diferenzas de liquidez de forma significativa. Os horizontes de liquidez serán maiores para as posicións concentradas, xa que o período necesario para liquidar tales posicións é maior. O horizonte de liquidez dun "almacén" ("warehouse") de titulizacións reflectirá o tempo necesario para crear, vender e titular os activos, ou para cubrir os factores de risco importante nas condicións dun mercado en tensión.

11. O método seguido por unha entidade para reflectir os riscos de impagamento e de migración incrementais poderá ter en conta as coberturas. As posicións poderanse compensar se as posicións longas e curtas se refiren a un mesmo instrumento financeiro. Os efectos das coberturas ou da diversificación asociados a posicións longas e curtas en diversos instrumentos ou diferentes valores dun mesmo debedor, así como a posicións longas e curtas en valores de distintos emisores, só se poderán recoñecer se se aplican modelos explícitos ás posicións longas e curtas brutas nos diferentes instrumentos. As entidades determinarán os efectos dos riscos importantes que poidan xurdir no intervalo de tempo entre o vencemento da cobertura e o horizonte de liquidez, así como as probabilidades de que as estratexias de cobertura comporten riscos de base significativos, por produto, grao de prelación dentro da estrutura de capital, cualificacións internas ou externas, vencemento, antigüidade e outras diferenzas dos instrumentos. As entidades reflectirán unha cobertura só se esta se pode manter aínda que o debedor estea próximo a incorrer nun evento de crédito ou doutro tipo.

Nas posicións da carteira de negociación cubertas mediante estratexias de cobertura dinámicas, o reequilibramento da cobertura dentro do horizonte de liquidez da posición cuberta poderase recoñecer sempre e cando a entidade:

- i. Opte por modelizar o reequilibramento sistematicamente para a totalidade do conxunto pertinente de posicións da carteira de negociación.
- ii. Demostre que ter en conta o reequilibramento da cobertura redonda nunha mellor avaliación do risco.
- iii. Demostre que os mercados dos instrumentos que serven de cobertura son suficientemente líquidos como para permitir ese reequilibramento mesmo en períodos de tensión. A existencia de capital reflectirá todo posible risco residual que derive de estratexias de cobertura dinámicas.

12. O método utilizado para reflectir os riscos de impagamento e de migración incrementais deberá permitir determinar os efectos non lineais das opcións, os derivados de crédito estruturados e outras posicións que rexistran un

comportamento non lineal importante con respecto ás variacións dos prezos. A entidade terá tamén debidamente en conta a magnitude do risco de modelo inherente á valoración e estimación dos riscos de prezos asociados con tales produtos.

13. O método utilizado para determinar os riscos de impagamento e de migración incrementais basearase en datos obxectivos e actualizados.

#### Validación

14. Dentro da análise independente do seu sistema de avaliación de riscos e da validación dos seus modelos internos, segundo establece este capítulo, e, en particular, en relación co método de determinación dos riscos de impagamento e de migración incrementais, as entidades:

i. Verificarán que os modelos que aplican ás correlacións e ás variacións de prezos son adecuados para a súa carteira, incluídos os factores de risco sistemático elixidos e as súas ponderacións.

ii. Realizarán unha serie de probas de tensión, como unha análise de sensibilidade e de escenario, para avaliar a racionalidade cualitativa e cuantitativa do método, en particular polo que atinxe ao risco de concentracións. Estas probas non se limitarán ás series de feitos históricos.

iii. Efectuarán unha adecuada validación cuantitativa aplicando os pertinentes parámetros aos seus modelos internos.

O método de determinación dos riscos incrementais debe ser compatible cos métodos internos de xestión do risco utilizados pola entidade para determinar, avaliar e xestionar os riscos de negociación.

#### Documentación

15. As entidades documentarán o método que empreguen para reflectir os riscos de impagamento e de migración incrementais, de modo que as súas hipóteses de correlación e demais hipóteses de modelización resulten transparentes para a súa verificación pola Comisión Nacional do Mercado de Valores.

#### Métodos internos baseados en parámetros diferentes

16. Se a entidade emprega un método para reflectir os riscos de impagamento e de migración incrementais que non se atén a todos os requisitos establecidos neste artigo, pero que é coherente coa metodoloxía interna da entidade para detectar, calcular e xestionar os riscos, deberá poder demostrar que o método por ela empregado xera unha exigencia de capital, como mínimo, igual de elevada que se estivese baseada nun método totalmente conforme cos requisitos deste artigo. A Comisión Nacional do Mercado de Valores comprobará que se cumpra o disposto neste número polo menos unha vez ao ano.

#### Periodicidade do cálculo

17. As entidades realizarán os cálculos necesarios conforme o método que elixisen para reflectir o risco incremental polo menos semanalmente.

18. Poderase utilizar un método interno para o cálculo dunha exigencia de capital adicional, en lugar dunha exigencia de capital para a carteira de negociación de correlación conforme o artigo 20, sempre e cando se reúnan todas as condicións enumeradas neste artigo.

O dito método interno reflectirá adecuadamente todos os riscos de prezo cun intervalo de confianza do 99,9% nun horizonte de capital dun ano, partindo da hipótese dun nivel constante de risco, e axustarase segundo proceda para reflectir o impacto da liquidez, as concentracións, a cobertura e a opcionalidade. As

entidades poderán incorporar ao método mencionado neste punto calquera posición que sexa xestionada conxuntamente coas posicións da carteira de negociación de correlación, podendo excluír en tal caso as posicións do método establecido no número 7 deste artigo.

O importe desta exigencia de capital para todos os riscos de prezo non será inferior ao 8% da exigencia de capital que resultaría do cálculo efectuado conforme o artigo 20 para todas as posicións incorporadas na exigencia para todos os riscos de prezo.

En particular, deberanse reflectir convenientemente os riscos seguintes:

- a) O risco acumulado derivado de múltiples incumprimentos, incluída a ordenación destes, nos produtos por tramos.
- b) O risco de diferencial de crédito, incluídos os efectos «gamma» e «cross-gamma».
- c) A volatilidade das correlacións implícitas, incluídos os efectos recíprocos entre diferenciais e correlacións.
- d) Riscos básicos, incluídos:
  - i. A base entre o diferencial dun índice e os dos seus constituíntes uninominais.
  - ii. A base entre a correlación implícita dun índice e a das carteiras de negociación singulares.
- e) A volatilidade do índice de recuperación, xa que está relacionada coa propensión dos índices de recuperación que van afectar os prezos por tramos.
- f) Na medida en que a medición do risco global incorpora as vantaxes da cobertura dinámica, o risco de desprazamento de coberturas e os custos que suporía o reequilibrio das ditas coberturas.

Para os efectos deste punto, cada entidade deberá dispor de suficientes datos de mercado para se asegurar de que o seu método interno reflicte plenamente os riscos significativos destas posicións, de conformidade cos criterios establecidos neste número, así como demostrar mediante probas retrospectivas (back-testing) ou outro medio apropiado que as súas medicións do risco poden explicar adecuadamente a variación histórica de prezos destes produtos, e garantir que pode separar as posicións para as cales dispón de autorización, co fin de incorporalas na exigencia de capital conforme o presente artigo, daquelas para as cales non dispón de autorización.

Polo que respecta ás carteiras de negociación cubertas por este artigo, a entidade aplicará regularmente unha serie de hipóteses de tensión específicas e predeterminadas, que avaliarán os efectos da tensión nos índices de incumprimento, os índices de recuperación, as marxes de crédito e as correlacións en probabilidade e perda da mesa de negociación de correlación. A entidade aplicará estas hipóteses de tensión polo menos semanalmente e informará dos resultados as autoridades competentes polo menos cada trimestre, incluíndo comparacións coa exigencia de capital da entidade conforme o presente punto. Sempre que as hipóteses de tensión indiquen unha deficiencia material desta exigencia de capital, deberase notificar a Comisión Nacional do Mercado de Valores oportunamente. Sobre a base dos resultados destas hipóteses, a Comisión Nacional do Mercado de Valores estudará a posibilidade de establecer unha exigencia de capital suplementaria en relación coa carteira de negociación de correlación conforme o número 3 do artigo 87 bis da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

As entidades calcularán a exigencia de capital de maneira que se reflectan todos os riscos de prezo polo menos unha vez á semana.

19. As entidades que utilicen modelos internos non recoñecidos conforme o número 6 deste artigo estarán suxeitas a requisitos de capital diferenciados para o risco específico que se calculase conforme os artigos precedentes deste capítulo.

20. Adicionalmente, as entidades calcularán un "valor en risco en situación de tensión" baseándose no cálculo do valor en risco, a dez días e cun intervalo de confianza dunha cola do 99%, da carteira corrente, e integrando no modelo de valor en risco datos históricos correspondentes a un período ininterrompido de 12 meses de considerable tensión financeira que resulten pertinentes para a carteira da entidade. A elección deses datos históricos estará suxeita á aprobación da Comisión Nacional do Mercado de Valores e ao control anual por parte da entidade.»

15. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 28, sobre exixencias de recursos propios para entidades autorizadas a utilizar modelos internos, co seguinte texto:

«1. As entidades estarán suxeitas diariamente a unha exixencia de capital equivalente á suma das letras a) e b) detalladas a continuación. Adicionalmente, as entidades que utilicen un modelo interno para calcular a exixencia de capital para un risco de posición específico estarán suxeitas a unha exixencia de capital equivalente á suma das letras c) e d):

a) O maior dos dous importes seguintes:

i. O valor en risco do día anterior, calculado conforme o previsto no número 4 do artigo 27 ( $VaR_{t-1}$ ), e

ii. Unha media das valoracións diarias do valor en risco, conforme o previsto no número 4 do artigo 27, durante os sesenta días hábiles anteriores ( $VaR_{avg}$ ), multiplicada polo factor de multiplicación ( $m_c$ ).

b) O maior dos dous importes seguintes:

i. O valor en risco en situación de tensión máis recente dispoñible conforme o número 20 do artigo 27 ( $sVaR_{t-1}$ ), e

ii. Unha media dos valores en risco en situación de tensión, calculados na forma e coa periodicidade especificadas no número 20 ao artigo 27, durante os sesenta días hábiles anteriores ( $sVaR_{avg}$ ), multiplicada polo factor de multiplicación ( $m_s$ ).

c) Unha exixencia de capital calculada conforme os artigos precedentes deste capítulo para os riscos de posición das posicións de titulización e os derivados de crédito de n-ésimo impagamento da carteira de negociación, agás os que estean incorporados na exixencia de capital conforme o número 18 do artigo 27.

d) A valoración máis recente ou, se for máis elevada, a valoración media durante doce semanas dos riscos de impagamento e de migración incrementais da entidade, conforme o previsto no número 7 do artigo 27 e, cando proceda, a valoración máis recente ou, se for máis elevada, a valoración media durante doce semanas de todos os riscos de prezo conforme o número 18 do artigo 27.

Para os efectos das letras a) e b) anteriores, os resultados do cálculo que efectúe a propia entidade multiplicaranse por factores ( $m_c$ ) e ( $m_s$ ). Estes factores serán como mínimo de 3.

As entidades realizarán tamén probas de solvencia inversas.

2. Para os efectos das letras a) e b) do número 1 anterior, os factores de multiplicación ( $m_c$ ) e ( $m_s$ ) aumentarase cun factor adicional comprendido entre 0 e 1, segundo o establecido no cadro 1, en función do número de excesos durante os últimos 250 días hábiles que poña de manifesto o *back-testing* do cálculo do valor en risco realizado pola entidade, conforme o previsto no número 4 do artigo 27. As entidades deberán calcular os excesos de forma coherente sobre a base do *back-testing* aplicado a cambios hipotéticos e reais do valor da carteira. Por exceso entenderase o cambio nun día do valor da carteira que supere o cálculo do correspondente valor en risco dun día xerado polo modelo da entidade. Co fin de

determinar o factor adicional avaliarase o número de excesos trimestralmente polo menos, e este será igual ao número máis elevado de excesos en virtude dos cambios hipotéticos e reais no valor da carteira.»

16. Engádesse un segundo parágrafo ao número 2 do artigo 33, que quedará redactado da seguinte forma:

2. Só se recoñecerá unha ECAI como elixible cando se obteñan garantías de que a súa metodoloxía de cualificación cumpre os requisitos de obxectividade, independencia, revisión continua e transparencia, e de que as cualificacións crediticias resultantes cumpren os requisitos de credibilidade e transparencia. Para tal fin, tomaranse en consideración os criterios técnicos establecidos neste capítulo.

Consideraranse que se cumpren os requisitos de obxectividade, independencia, revisión continua e transparencia no seu método de avaliación ás ECAI que se rexistren como axencias de cualificación crediticia de conformidade co Regulamento (CE) número 1060/2009, do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de setembro de 2009, relativo ás axencias de cualificación crediticia.»

17. Modifícase o número 1 do artigo 36 sobre posicións fronte administracións rexionais ou autoridades locais e engádesse un novo número 5.

«1. Sen prexuízo do disposto nos números 2 a 4 deste artigo, as posicións con administracións rexionais e autoridades locais ponderaranse do mesmo xeito que as posicións fronte a institucións, con suxeición ao previsto no número 5 deste artigo. Non se aplicará o trato preferente ás posicións a curto prazo especificadas nos números 9, 10 e 12 do artigo 40.»

«5. Sen prexuízo do disposto nos puntos 2 a 4 anteriores, asignarase unha ponderación de risco do 20 por 100 ás posicións fronte ás administracións rexionais e as autoridades locais dos Estados membros denominadas e financiadas na divisa nacional desas administracións rexionais ou autoridades locais.»

18. Modifícanse as letras d) e e) do número 1 do artigo 46 sobre posicións en forma de valores de débeda garantidos.

«d) Préstamos garantidos con bens raíces residenciais ata o importe inferior entre o principal das hipotecas combinadas con calquera hipoteca anterior, e o 80 por 100 do valor das propiedades que as garanten; ou por unidades non subordinadas emitidas por entidades de titularización equivalentes rexidas pola lexislación do Estado membro que titulice os riscos fronte a bens raíces residenciais. No caso de que tales unidades subordinadas se utilicen como garantía, a supervisión pública especial para protexer os titulares de obrigas asegurarse, tal como se establece no artigo 52, número 4, da Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, pola que se coordinan as disposicións legais, regulamentarias e administrativas sobre determinados organismos de investimento colectivo en valores mobiliarios (OICVM), de que os activos subxacentes destas unidades sexan, en calquera momento da súa inclusión no conxunto da cobertura, sempre que polo menos o 90 por 100 dos activos de tales entidades de titularización estean constituídos por hipotecas residenciais, combinadas con calquera hipoteca anterior, ata o importe inferior entre os principais debidos en virtude das unidades, os principais das hipotecas e o 80 por 100 do valor das propiedades que as garanten, que as unidades sexan admitidas no nivel 1 de cualificación crediticia segundo o exposto neste capítulo, cando tales unidades non excedan o 10 por 100 do importe nominal da emisión pendente.

As posicións orixinadas pola transmisión e a xestión de pagamentos de debedores de préstamos ou ingresos procedentes de liquidación de préstamos garantidos con propiedades peñoradas das unidades non subordinadas ou con títulos de débeda non estarán comprendidas no cálculo do límite do 90 por 100.

e) Préstamos garantidos con bens inmobles comerciais ata o importe inferior entre o principal das hipotecas combinadas con calquera hipoteca anterior, e o 60 por 100 do valor das propiedades que as garanten, ou por unidades non subordinadas emitidas por entidades de titulización equivalentes rexidas pola lexislación do Estado membro que titulice as exposicións fronte a bens raíces comerciais. No caso de que tales unidades subordinadas se utilicen como garantía, a supervisión pública especial para protexer os titulares de obrigas asegurarse, tal como se establece no artigo 52, número 4, da Directiva 2009/65/CE, de que os activos subxacentes destas unidades sexan, en calquera momento da súa inclusión no conxunto da cobertura, como mínimo do 90 por 100 compostos por hipotecas comerciais combinadas con calquera hipoteca anterior ata o importe inferior entre os principais debidos en virtude das unidades, os principais das hipotecas e o 60 por 100 do valor das propiedades peñoradas, que as unidades sexan admitidas no nivel 1 de cualificación crediticia segundo o exposto neste anexo e que tales unidades non excedan o 10 por 100 do importe nominal da emisión pendente.

Igualmente, poderán considerar admisibles os préstamos garantidos con bens raíces comerciais cando a relación préstamo/valor sexa superior ao 60 por 100 ata un máximo do 70 por 100, se o valor total dos activos hipotecados para cubrir os valores de débeda garantidos supera como mínimo nun 10 por 100 o importe nominal pendente do valor garantido e o crédito do titular dos valores reúne as condicións de seguridade xurídica que se mencionan no seguinte número deste artigo. O crédito do titular dos valores de débeda garantidos terá prioridade fronte a todos os demais créditos sobre a garantía real. As posicións orixinadas pola transmisión e a xestión de pagamentos de debedores de préstamos ou ingresos procedentes de liquidación de préstamos garantidos con propiedades peñoradas das unidades non subordinadas ou con valores de débeda non estarán comprendidas no cálculo do límite do 90 por 100.»

19. Modifícase a redacción do número 5 do artigo 59, sobre risco de crédito de contraparte, da seguinte forma:

«5. Cando unha entidade compre protección a través dun derivado de crédito para unha posición non incluída na carteira de negociación ou para unha posición suxeita ao risco de crédito de contraparte, poderá calcular as súas exixencias de recursos propios para o activo cuberto conforme o previsto no capítulo III, sobre risco de crédito, estando suxeita á aprobación da Comisión Nacional do Mercado de Valores cando así se estableza no citado capítulo.

Neses casos, e no suposto de que a cobertura interna se realice cun derivado de crédito da carteira de negociación, o valor de posición suxeito ao risco de crédito de contraparte para estes derivados de crédito establécese en cero.

Non obstante, unha entidade poderá decidir a inclusión sistemática, para os efectos do cálculo das exixencias de recursos propios por risco de crédito de contraparte, de todos os derivados de crédito non incluídos na carteira de negociación e adquiridos como protección para cubrir unha posición da súa carteira de investimento ou unha posición suxeita ao RCC, sempre que a cobertura do risco de crédito se recoñeza ao abeiro da presente circular.»

20. Substitúese o segundo parágrafo do número 3 do artigo 59 bis, co seguinte texto:

«Non obstante, no caso dunha permuta de cobertura por incumprimento crediticio (credit default swap), cando unha entidade cuxa posición inherente á permuta represente unha posición longa no subxacente poderá aplicar un factor do 0 por 100 para o risco de crédito potencial futuro, a menos que a dita permuta estea suxeita a liquidación por insolvencia da empresa cuxo risco inherente á permuta represente unha posición curta no subxacente, aínda que o subxacente

non presente incumprimento, caso en que o importe do risco de crédito potencial futuro da entidade se limitará ao importe das primas aínda non aboadas pola empresa á entidade.»

21. Substitúese o número 13 do artigo 62 sobre método estándar para cálculo das exixencias de recursos propios por risco de contraparte.

«13. No caso de permutas financeiras de cobertura por incumprimento crediticio (credit default swap), establecerase un conxunto de posicións compensables para cada emisor das obrigas de referencia. O tratamento das permutas de cobertura por incumprimento crediticio de «n-ésimo impagamento» sobre cestas será o seguinte:

a) A magnitude dunha posición de risco nun instrumento de débeda de referencia comprendido nunha cesta subxacente a unha permuta de cobertura por incumprimento crediticio de "n-ésimo impagamento" será igual ao valor notional efectivo do instrumento de débeda de referencia multiplicado pola duración modificada do derivado de "n-ésimo impagamento" con respecto a unha variación do diferencial crediticio do instrumento de débeda de referencia.

b) Por cada instrumento de débeda de referencia comprendido nunha cesta subxacente a unha determinada permuta de cobertura por incumprimento crediticio de "n-ésimo impagamento" haberá un conxunto de posicións compensables. As posicións de risco derivadas de distintas permutas de cobertura por incumprimento crediticio de "n-ésimo impagamento" non se incluírán no mesmo conxunto de posicións compensables.

c) O multiplicador CCR aplicable a cada conxunto de posicións compensables creado por cada instrumento de débeda de referencia dun derivado de "n-ésimo impagamento" será o 0,3 por 100 para os instrumentos de débeda de referencia cunha cualificación crediticia efectuada por unha ECAI recoñecida equivalente aos graos 1 a 3 de calidade crediticia, e un 0,6 por 100 se se trata doutros instrumentos de débeda.»

22. Engádese un parágrafo ao número 3 do artigo 141 sobre definición de grandes riscos.

«3. Os riscos contraídos fronte a unha persoa, física ou xurídica, ou grupo de persoas físicas que actúen sistematicamente en concerto, que controle unha empresa ou grupo, integraranse cos desa empresa ou grupo.

Aos riscos contraídos cunha persoa ou grupo dos cales se mencionan anteriormente acumularanse os mantidos fronte a persoas físicas ou xurídicas que, por estaren interrelacionadas economicamente cos anteriores, se unha delas tivese problemas financeiros, en particular dificultades de financiamento ou liquidez, a outra ou as outras tamén terían probablemente dificultades de financiamento ou liquidez.»

23. Modificación do artigo 142 sobre o cálculo das posicións para os efectos de grandes riscos.

«Por posicións, para os efectos deste capítulo, entenderase calquera activo ou partida fóra de balance, sen aplicación de ponderacións de risco nin graos de risco previstos nas disposicións doutros capítulos.

Poderanse excluír desta definición todos os elementos deducidos nun 100 por 100 dos recursos propios.

A posición global fronte a persoas ou grupos relacionados entre si calcularase sumando as posicións que resulten da carteira de negociación e as posicións alleas á dita carteira.

As posicións fronte a persoas ou grupos da carteira de negociación calcularanse sumando os elementos que figuran a continuación:

a) O exceso, se é positivo, das posicións longas da entidade sobre as súas posicións curtas en todos os instrumentos financeiros emitidos polas persoas ou grupos de que se trate, coa posición neta de cada un dos instrumentos calculada de acordo cos métodos definidos no capítulo III sobre carteira de negociación.

b) A posición neta, en caso de aseguramento de instrumentos de débeda ou instrumentos de renda variable, calcularase deducindo aquelas posicións de aseguramento que fosen subscritas ou subgarantidas por terceiros mediante un acordo formal, deducindo os factores establecidos no artigo 19.

c) As posicións derivadas das transaccións, acordos e contratos derivadas dos riscos de contraparte e liquidación, concluídos coas persoas ou grupos de que se trate; estes riscos calcularanse do modo definido no capítulo de carteira de negociación para o cálculo dos valores do risco.

Calcularanse as posicións derivadas das persoas ou grupos relacionados entre si na carteira de negociación, sumando as posicións de cada unha das persoas ou grupo, conforme a forma de cálculo definida nos parágrafos precedentes deste artigo.

Co fin de determinar a existencia dun grupo de clientes vinculados entre si, en relación coas posicións a que se refiren as letras m), o) e p) do número 1 do artigo 31, e nos casos en que exista unha posición en activos subxacentes, a entidade avaliará o sistema, as súas posicións subxacentes ou ambas as dúas cousas. Para tal fin, a entidade avaliará o contido económico e os riscos inherentes á estrutura da operación.

As posicións non incluírán:

a. No caso das operacións sobre divisas, as posicións asumidas, no curso normal da liquidación, durante os dous días laborables seguintes á realización do pagamento.

b. No caso das operacións de compra ou de venda de valores, as posicións asumidas, no curso normal da liquidación, durante os cinco días hábiles posteriores á data do pagamento, ou á entrega dos valores, se esta for anterior.

c. No caso de operacións de pagamento, incluída a execución de servizos de pagamento, compensación e liquidación en calquera divisa e correspondencia bancaria, ou servizos de compensación, liquidación e custodia de instrumentos financeiros á clientela, a recepción con atraso de fondos e outras posicións derivadas da actividade coa clientela que non se prolonguen máis alá do seguinte día hábil.

d. En caso das operacións de pagamento, incluída a execución de servizos de pagamento, compensación e liquidación en calquera divisa e correspondencia bancaria, as posicións intradía fronte ás entidades que facilitan eses servizos.»

24. Engádense tres novos parágrafos ao final do artigo 143.

«Non obstante o previsto no parágrafo anterior, as entidades que utilicen métodos baseados en cualificacións internas (IRB) para os efectos de calcular as súas exixencias de recursos propios por risco de crédito poderán utilizar o «valor de exposición completamente axustado» calculado conforme os ditos métodos, tomando en consideración a redución do risco de crédito, os axustes de volatilidade e calquera desfase de vencemento (E\*). Igualmente, as entidades autorizadas a utilizar estimacións propias de perda en caso de incumprimento (LGD) e dos factores de conversión para unha categoría de posicións conforme os mencionados métodos de cualificacións internas, poderán aplicar o método amplo para as garantías reais de natureza financeira ou o enfoque previsto no número 2 do artigo 145. En todos eses casos aterase ao disposto no capítulo noveno da Circular 3/2008, do 22 de maio, do



Banco de España, a entidades de crédito, sobre determinación e control dos recursos propios mínimos.

As entidades analizarán, na medida do posible, as súas posicións fronte a emisores de garantías reais, garantías persoais ou os activos subxacentes de tales garantías, de acordo co previsto no artigo 142 desta circular, co obxecto de determinar posibles concentracións e, de ser o caso, adoptar as medidas apropiadas e comunicar á Comisión Nacional do Mercado de Valores.

No suposto de que unha entidade utilice o método baseado en cualificacións internas (IRB) para os efectos de determinar as súas exixencias de recursos propios por risco de crédito, poranse á disposición da Comisión Nacional do Mercado de Valores os seus 20 maiores riscos en base individual ou consolidada, con exclusión daqueles que estean exentos da aplicación deste capítulo.»

25. Modifícanse os límites aos grandes riscos previstos no artigo 144.

«1. O valor de todos os riscos que unha entidade contraia cunha soa persoa, entidade ou grupo económico, incluído o propio na parte non consolidable, non poderá exceder o 25 por 100 dos seus recursos propios, despois de considerar os posibles efectos de redución de risco de crédito previstos no capítulo V desta circular.

2. Cando a posición se manteña fronte a unha entidade de crédito ou unha empresa de servizos de investimento, ou cando o grupo económico fronte ao que se mantén a posición inclúa unha ou varias entidades de crédito ou empresas de servizos de investimento, a dita posición non superará o 25 por 100 dos recursos propios da empresa de servizos de investimento ou 150 millóns de euros, se esta última fose máis elevada.

Para poder acollerse ao límite de 150 millóns, previsto no parágrafo precedente, a suma dos valores das posicións fronte a todas as persoas do grupo económico con que se manteña a posición, que non sexan entidades de crédito ou empresas de servizos de investimento e despois de ter en conta o efecto da redución do risco de crédito de conformidade co capítulo V, non deberá superar o 25 por 100 dos recursos propios da empresa de servizos de investimento. En ningún caso as posicións poderán superar o cen por cento dos recursos propios da empresa de servizos de investimento.

3. As entidades deberán respectar en todo momento os límites fixados nos parágrafos anteriores. Non obstante, se nalgún caso excepcional as posicións superasen os ditos límites, a entidade deberá informar do valor da posición inmediatamente á Comisión Nacional do Mercado de Valores, que poderá conceder, se así o xustifican as circunstancias, un período de tempo limitado para aterse aos límites indicados.»

26. Modifícase o contido do número 1 do artigo 145 sobre excepcións aos límites de grandes riscos.

«Artigo 145. *Excepcións aos límites.*

1. Os límites establecidos no artigo 144 anterior non serán de aplicación aos seguintes conceptos:

a) Os activos que constitúan créditos sobre administracións centrais ou bancos centrais que, sen garantía, recibirían unha ponderación nula de risco (do 0 por 100) conforme o capítulo III sobre risco de crédito.

b) Os activos que constitúan créditos sobre organizacións internacionais ou bancos multilaterais de desenvolvemento que, sen garantía, recibirían unha ponderación nula de risco (do 0 por 100) conforme o capítulo III sobre risco de crédito.

c) Os activos que constitúan créditos expresamente garantidos por administracións centrais, bancos centrais, organizacións internacionais, bancos multilaterais de desenvolvemento ou entidades do sector público, cando os créditos sen garantía sobre a entidade que proporciona a garantía obterían unha ponderación nula de risco (do 0 por 100) conforme o capítulo III sobre risco de crédito.

d) Outras posicións contraídas sobre, ou garantidas por administracións centrais, bancos centrais, organizacións internacionais, bancos multilaterais de desenvolvemento ou entidades do sector público, cando os créditos sen garantía sobre a entidade que proporciona a garantía obterían unha ponderación nula de risco (do 0 por 100) con arranxo capítulo III sobre risco de crédito.

e) Os activos que constitúan créditos ou outras posicións así como posicións garantidas por administracións rexionais ou autoridades locais dos Estados membros, se os ditos créditos reciben unha ponderación de risco do 0 por 100 conforme o previsto no método estándar do capítulo III desta circular.

f) Con excepción das partidas que formen parte dos recursos propios exceptuaranse da súa consideración como grandes riscos ás posicións que se manteñan fronte ao seu matiz, filial ou filial da súa empresa matriz e se cumpran as condicións previstas no número 4 do artigo 7 desta circular. Igualmente, as posicións que se manteñan fronte a entidades que formen parte do mesmo sistema institucional de protección, coa excepción da partidas que formen parte dos recursos propios, que cumpran as condicións previstas no número 4 do artigo 32.

g) Os activos e outras posicións garantidos mediante unha garantía real consistente nun depósito en efectivo constituído na entidade acreedora ou nunha entidade que sexa a empresa matriz ou unha filial da entidade acreedora.

h) Os activos e outras posicións garantidos mediante unha garantía real consistente en valores representativos de depósitos emitidos por unha entidade de crédito que sexa empresa matriz ou filial da entidade acreedora e depositada en calquera delas.

i) Os bonos garantidos definidos no capítulo III sobre risco de crédito.

j) Os activos que constitúan créditos fronte a administracións rexionais ou autoridades locais dos Estados membros, se os ditos créditos reciben unha ponderación de risco do 20 por 100 conforme o previsto no método estándar do capítulo III, e outras posicións fronte ás ditas administracións rexionais ou autoridades locais ou garantidas por elas, se os créditos fronte a elas reciben unha ponderación de risco do 20 por 100 conforme o mencionado método estándar do capítulo III.

k) Non obstante o disposto na letra f) deste artigo, as posicións, incluídas as participacións ou calquera outro tipo de posición, asumidas por unha entidade fronte á súa empresa matriz, ás demais filiais da empresa matriz ou ás súas propias filiais, sempre e cando as ditas empresas estean incluídas na supervisión en base consolidada a que estea sometida a propia entidade, de conformidade coa presente circular ou con normas equivalentes vixentes nun país terceiro; as posicións que non cumpran estes criterios, estean ou non exentas do artigo 144, consideraranse posicións fronte a terceiros.

l) Os activos que constitúan créditos ou outras posicións, incluídas as participacións ou calquera outro tipo de posición, fronte a entidades de crédito rexionais ou centrais ás cales, en virtude de disposicións legais ou estatutarias, a entidade estea asociada dentro dunha rede, e ás cales, en aplicación das ditas disposicións, corresponda efectuar a compensación dos activos líquidos dentro da dita rede.

m) Os activos que constitúan créditos ou outras posicións fronte a entidades de crédito asumidas por entidades que operen en condicións non competitivas outorgando préstamos ao abeiro de programas legislativos ou dos seus estatutos co fin de fomentar sectores económicos específicos, baixo algunha forma de

supervisión pública e con restricións sobre o uso dos préstamos, sempre que as exposicións correspondentes deriven dos préstamos deste tipo transmitidos aos beneficiarios a través doutras entidades.

n) Os activos que constitúan créditos ou outras posicións fronte a institucións, coa condición de que estas exposicións non representen fondos propios das ditas institucións, non se prolonguen máis alá do seguinte día hábil e non estean denominadas nunha das principais moedas comerciais.

o) Os activos que constitúan créditos sobre os bancos centrais en forma de reservas mínimas exixidas que se posúan nos ditos bancos centrais, denominados na súa moeda nacional.

o bis) Os activos que constitúan créditos sobre as administracións centrais en forma de requisitos legais en materia de liquidez que se posúan en valores estatais e que estean denominados e financiados na súa moeda nacional, coa condición de que a avaliación crediticia destas administracións centrais, asignada por unha ECAI recoñecida, sexa equivalente ao grao de investimento.

p) Os saldos dispoñibles que poidan ser cancelados libre e unilateralmente pola entidade.

q) O 100 por 100 dos créditos e posicións que se manteñan fronte a sistemas ou cámaras de compensación e liquidación, fronte a calquera outro mecanismo equivalente aos anteriores ou fronte a mercados recoñecidos.

r) Os riscos das entidades contraídos fronte á matriz ou outras entidades estranxeiras do grupo da matriz, sempre que a entidade ou grupo consolidable español quede suxeito á supervisión consolidada do grupo estranxeiro e a entidade dominante estea autorizada nun país da Unión Europea ou doutros países cuxa regulación en materia de grandes riscos se considerase como equivalente pola Comisión Nacional do Mercado de Valores. A consideración de equivalencia realizarase logo de solicitude motivada pola entidade dominante do grupo estranxeiro a que pertenza. As posicións mantidas en fondos e sociedades de investimento colectivo de carácter financeiro autorizados de acordo co previsto na Directiva 85/611/CEE do Consello, do 20 de decembro de 1985, pola que se coordinan as disposicións legais, regulamentarias e administrativas sobre determinados organismos de investimento colectivo en valores mobiliarios, así como noutros fondos ou sociedades de investimento non harmonizados que polas súas características de diversificación se poidan considerar equivalentes aos anteriores.

Os importes recibidos a través dun bono con vinculación crediticia emitido pola entidade, así como os préstamos e depósitos dunha contraparte á entidade suxeitos a un acordo de compensación de operacións de balance, consideraranse recollidos na letra g.

Para o recoñecemento das coberturas do risco de crédito mediante garantías reais ou persoais, estas deberán cumprir cos requisitos previstos no capítulo V sobre técnicas de redución do risco de crédito, desta circular.

Cando un terceiro garanta unha posición respecto dunha persoa ou grupo, ou a dita posición estea garantida por unha garantía real en valores emitidos por un terceiro nas condicións definidas na letra m, poderán considerar que a dita posición se asume sobre o terceiro e non sobre o cliente, se a posición conta cunha garantía real.

Cando unha entidade estea eximida, de xeito individual ou consolidado, do cumprimento das obrigas impostas neste capítulo, deberanse tomar as medidas oportunas que garantan unha distribución de riscos apropiada dentro do grupo.»

27. Engádesse un novo número 2 ao artigo 145.

«2. Cando unha posición fronte a un cliente estea garantida por un terceiro ou por unha garantía real emitida por un terceiro, a entidade poderá:

a) Considerar que a fracción da posición que está garantida se asume fronte ao garante e non fronte ao cliente, sempre que á posición non garantida fronte ao

garante corresponda unha ponderación de risco igual ou inferior á que corresponda á posición non garantida fronte ao cliente conforme o método estándar previsto no capítulo III.

b) Considerar que a fracción da posición que está cuberta polo valor de mercado dunha garantía real recoñecida se asume fronte ao terceiro e non fronte ao cliente, sempre que a exposición estea cuberta por unha garantía real e que á fracción que goce da cobertura corresponda unha ponderación de risco igual ou inferior á que corresponda á posición non garantida fronte ao cliente conforme o método estándar previsto no capítulo III.

As entidades non aplicarán o enfoque previsto na letra b) anterior nos casos en que exista desfase entre o vencemento da posición e o vencemento da cobertura do risco de crédito.

Para os efectos deste capítulo, as entidades poderán aplicar tanto o método amplo para as garantías reais de natureza financeira como o enfoque previsto na letra b) anterior unicamente nos casos en que estea permitido o recurso tanto ao método amplo coma ao método simple para as garantías reais de natureza financeira para os efectos das exixencias de recursos propios por risco de crédito.»

28. Modifícase o número 1 do artigo 146.

«1. As empresas de servizos de investimento, e as restantes entidades que, de conformidade co disposto nesta circular, presten servizos de investimento disporán de sólidos procedementos de goberno corporativo, proporcionais conforme o carácter, escala e complexidade dos servizos de investimento que presten, e que inclúan unha estrutura organizativa clara, con liñas de responsabilidade ben definidas, transparentes e coherentes, procedementos eficaces de identificación, xestión, control e comunicación dos riscos a que estea ou poida estar exposta, mecanismos adecuados de control interno, incluídos procedementos administrativos e contables adecuados, así como políticas e prácticas de remuneración que sexan compatibles e promovan unha xestión adecuada e eficaz do risco.»

29. Engádesse un novo artigo 146 bis sobre requisitos en materia de remuneracións.

«Artigo 146 bis. *Requisitos en materia de remuneracións.*

1. De acordo co previsto no artigo 70.bis da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e co disposto nos artigos 116 e 117 do Real decreto 216/2008, do 15 de febreiro, de recursos propios das entidades financeiras, os grupos de empresas de servizos de investimento, así como as empresas de servizos de investimento non integradas nun grupo, deberán remitir á Comisión Nacional do Mercado de Valores, con carácter anual, unha lista que indique as categorías de empregados cuxas actividades profesionais inciden de xeito significativo no perfil de risco da entidade ou grupo, indicando a área de negocio implicada. Para estes efectos consideraranse as categorías de conselleiros e persoal que se recollen na guía sobre prácticas e políticas de remuneración elaborada polo Comité Europeo de Supervisores Bancarios, do 10 de decembro de 2010 (actualmente European Banking Authority, cuxa guía se denomina «Guidelines on Remuneration Policies and Practices») e que, salvo que se poida demostrar que non teñen capacidade para modificar de forma material o perfil de risco da entidade, serán as seguintes: membros do consello de administración, alta dirección, persoal responsable das funcións de control, outras persoas que asuman riscos, de forma individual ou colectiva, que poidan exercer influencia no perfil de risco da entidade, e calquera outra persoa cuxa remuneración total se asimile á da alta dirección ou das persoas con capacidade para asumir riscos mencionadas anteriormente.

Igualmente, coa mesma periodicidade e nas mesmas condicións e datas previstas no parágrafo anterior, os grupos de empresas de servizos de investimento, así como as empresas de servizos de investimento non integradas nun grupo, deberán comunicarlle á Comisión Nacional do Mercado de Valores o número de persoas e unha breve descrición da actividade que desenvolven tales persoas, cuxa remuneración total supere 1 millón de euros. Para estes efectos deberase considerar calquera tipo de remuneración, e deberán detallarse, polo menos, os seguintes conceptos:

- a) Retribución fixa.
- b) Retribución variable.
- c) Cantidades satisfeitas mediante a entrega de instrumentos financeiros ou valores.
- d) Cantidades achegadas ou dotadas a plans ou fondos de pensións ou, é o seu caso, a outros vehículos de idéntico fin.
- e) Outros conceptos retributivos.

Para os efectos de remisión da información descrita nos parágrafos precedentes deste número utilizaranse os modelos RM 1, RM 2 e RM 3 previstos no anexo I desta circular. Nos casos en que unha mesma persoa perciba remuneracións das distintas entidades do grupo, a información que se debe comunicar á Comisión Nacional do Mercado de Valores nos mencionados estados será a agregada de todas as remuneracións satisfeitas polo grupo para cada un dos conceptos incluídos nos estados.

2. Os grupos de empresas de servizos de investimento, así como as empresas de servizos de investimento non integradas neles, que remuneren os seus empregados con cantidades variables en función de resultados, rendementos ou obxectivos que impliquen a asunción de riscos pola entidade, deberán ter un comité de remuneracións, sempre que, de acordo co principio de proporcionalidade, resulte conforme o carácter, tamaño, organización interna, escala e complexidade dos servizos de investimento que presten.

O comité de remuneracións terá unha composición que lle permita exercer un xuízo competente e independente das políticas e prácticas de remuneración e dos incentivos creados para xestionar o risco, o capital e a liquidez.

O comité de remuneracións encargarse da preparación das decisións relativas ás remuneracións, incluídas as que teñan repercusións para o risco e a xestión de riscos da entidade de que se trate e que deberá adoptar o consello de administración na súa función supervisora. O presidente e os membros do comité de remuneracións serán membros do consello de administración que non desempeñen funcións executivas na entidade de que se trate. Ao preparar as decisións, o comité de remuneracións terá en conta os intereses a longo prazo dos accionistas, os investidores e outras partes interesadas na entidade.

Para a aplicación do principio de proporcionalidade das obrigas que, en materia de remuneracións, establecen os artigos 116 e 117 do Real decreto 216/2008, as entidades poderán utilizar a guía sobre prácticas e políticas de remuneración elaborada polo Comité Europeo de Supervisores Bancarios, do 10 de decembro de 2010, mencionada no número 1 deste artigo, ou outras que poidan substituíla con posterioridade a esta.»

30. Modifícanse as letras c) e f) e insírense novos parágrafos na letra c) relativa ao risco de liquidez, ambas as dúas letras do número 5 do artigo 148 sobre política de xestión de riscos.

«c) Risco de liquidez: deberán contar con políticas e procedementos para a identificación, medición, xestión e seguimento do risco de liquidez sobre un conxunto adecuado de horizontes temporais, incluído o intradía, co obxecto de garantir que as entidades manteñen un "colchón" de liquidez de nivel apropiado.

Deberanse analizar posibles escenarios de tensión e revisarse periodicamente, dispendo de procedementos de emerxencia para afrontar posibles crises de liquidez. En particular, as entidades cumprirán cos requirimentos de liquidez previstos na Circular 7/2008 da CNMV sobre normas contables, contas anuais e estados de información reservada das empresas de servizos de investimento, sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo e sociedades xestoras de entidades de capital risco.

As estratexias, políticas, procedementos e sistemas previstos no parágrafo anterior deberán ser proporcionais á complexidade, o perfil de risco e o ámbito de actividade da entidade, co adecuado nivel de tolerancia ao risco fixado polo Consello de Administración, reflectindo a importancia da entidade en cada un dos estados membros en que exerza a súa actividade. As entidades comunicarán a tolerancia ao risco de todas as liñas de negocio pertinentes.

As entidades desenvolverán metodoloxías orientadas á identificación, medición, xestión e seguimento das posicións de financiamento. Estas metodoloxías englobarán os fluxos materiais de tesouraría, actuais e previstos, de activos, pasivos e partidas das contas de orde, incluídos os pasivos contingentes, xa sexa de forma directa ou derivados deles. Igualmente, deberase valorar a posible incidencia do risco de reputación.

As entidades establecerán unha distinción entre os activos peñorados e os activos libres de cargas dos cales se poida dispor en todo momento, especialmente nas situacións de urxencia. Tomarán, así mesmo, en consideración a persoa xurídica en que estean radicados os activos, o país en que estean rexistrados legalmente os activos, xa sexa nun rexistro ou nunha conta, así como a súa elixibilidade, e efectuarán un seguimento da forma en que os activos se poden mobilizar de maneira oportuna.

As entidades tomarán, así mesmo, en consideración as limitacións legais, regulamentarias ou operativas ás posibles transferencias de liquidez, de activos libres de cargas e débedas entre entidades, tanto no interior como fóra do espazo económico europeo.

As entidades estudarán distintas ferramentas de redución do risco de liquidez, en particular un sistema de límites e «colchóns» de liquidez que permitan afrontar diversas situacións de tensión, e unha estrutura de financiamento e un acceso a fontes de financiamento adecuadamente diversificados. Estas medidas someteranse a revisión periodicamente.

Estudaranse escenarios alternativos en relación coas posicións de liquidez e os factores redutores de risco e revisaranse periodicamente os supostos en que se baseen as decisións relativas á posición de financiamento. Para tal efecto, os escenarios alternativos recollerán, en particular, as partidas das contas de orde e outros pasivos contingentes, incluídos os de entidades especializadas en titulizacións ou outras entidades con fins especiais, en relación coas cales a entidade actúe en calidade de patrocinadora ou proporcione un apoio significativo en termos de liquidez.

As entidades analizarán os efectos potenciais de escenarios alternativos, ben circunscritos á propia entidade, ben extensivos a todo o mercado ou unha combinación de ambos os dous. Tomaranse en consideración diferentes horizontes temporais e condicións con distintos graos de tensión.

As entidades axustarán as súas estratexias, políticas internas e límites en relación co risco de liquidez e elaborarán plans de emerxencia efectivos, atendendo aos resultados dos escenarios alternativos a que se refire o parágrafo anterior.

Para facer fronte ás posibles crises de liquidez, as entidades dotaranse de plans de emerxencia en que se establezan estratexias adecuadas, xunto ás oportunas medidas de aplicación, co obxecto de emendar posibles déficits de liquidez. Estes plans poranse a proba periodicamente, actualizaranse en función dos resultados dos escenarios alternativos previstos nos parágrafos anteriores e

comunicaranse á alta dirección e someteranse á súa aprobación, de modo que as políticas e procedementos internos se poidan adaptar segundo corresponda.»

«f) Risco de crédito, contraparte, residual e de titulización: as entidades deberán contar con políticas e procedementos sólidos e ben definidos para aprobar, modificar ou renovar a posible concesión de financiamento, así como para controlar, valorar e xestionar o financiamento previamente concedido. Os riscos derivados de operacións de titulización en que a entidade actúa como investidora, patrocinadora ou orixinadora, incluídos os riscos de reputación, como os que se producen en relación con estruturas ou produtos complexos, valoraranse e controlaranse mediante as políticas e procedementos adecuados para asegurarse, en particular, que o contido económico da operación quede plenamente reflectido nas decisións de avaliación e xestión do risco. Cando as entidades fixesen uso de técnicas para reducir ou mitigar o risco de crédito deberán avaliar a posibilidade de que estas sexan menos efectivas do esperado.»

31. Engádesse un novo número 11 bis ao artigo 153 sobre información ao mercado, informe sobre solvencia, e un novo número 13, co seguinte contido:

«11.bis As entidades deberán cumprir os requisitos establecidos neste número dunha maneira que sexa apropiada ao seu tamaño, á súa organización interna e á natureza, o alcance e a complexidade das súas actividades.

Para estes efectos, para as categorías de persoal cuxas actividades profesionais incidan de maneira importante no seu perfil de risco, a entidade facilitaralle ao público, no informe sobre solvencia, a información sobre a súa política e as súas prácticas de remuneración que se recolle no número 13 deste artigo.

Igualmente, as entidades deberán incorporar ao informe sobre solvencia a información cuantitativa a que se refire o número 13 deste artigo tamén para as persoas que efectivamente dirixen a actividade da entidade.»

«13. As entidades deberán facer pública, cos requisitos dos artigos anteriores deste capítulo, a seguinte información sobre a súa política e as súas prácticas de remuneración:

a) Información sobre o proceso de decisión seguido para establecer a política de remuneración, achegando, se é o caso, información sobre a composición e o mandato do comité de remuneración, o consultor externo a cuxos servizos se recorre para establecer a dita política e o papel desempeñado polos interesados.

b) Información sobre a relación entre a remuneración e os resultados ou, se é o caso, avaliación do desempeño.

c) As características máis importantes da concepción do sistema de remuneración, especificando a información sobre os criterios aplicados na avaliación dos resultados ou o desempeño e o seu axuste en función do risco, a política de diferimento e os criterios de adquisición.

d) Información sobre os criterios en materia de resultados ou avaliación do desempeño en que se basea o dereito a recibir accións, opcións ou aos compoñentes variables da remuneración.

e) Os principais parámetros e a motivación dos posibles plans de remuneración variable e outras vantaxes non pecuniarias.

f) Información cuantitativa agregada sobre as remuneracións, analizada por ámbito de actividade.

g) Información cuantitativa agregada sobre as remuneracións, analizada por altos directivos e empregados cuxas actividades inciden de xeito importante no perfil de risco da entidade, con indicación:

i. Das contías da remuneración para o exercicio financeiro, divididas en remuneración fixa e variable, e o número de beneficiarios.

ii. Das contías e a forma da remuneración variable, divididas en prestacións pecuniarias, accións, instrumentos vinculados ás accións e doutro tipo.

iii. Dos importes das remuneracións diferidas pendentes de pagamento, analizados por partes atribuídas e non atribuídas.

iv. As contías da remuneración diferida concedida durante o exercicio financeiro, pagadas e reducidas mediante axustes por resultados.

v. Os pagamentos por nova contratación e indemnizacións por despedimento efectuados durante o exercicio financeiro, e o número de beneficiarios dos ditos pagamentos.

vi. As contías das indemnizacións por despedimento concedidas durante o exercicio financeiro, o número de beneficiarios e o importe máximo deste tipo de pagamentos aboado a unha soa persoa.»

32. Modifícase a redacción da letra f) do número 12 do artigo 153, sobre información ao mercado, informe sobre solvencia, da seguinte forma:

«f) Recursos propios: as entidades divulgarán a seguinte información relativa aos seus recursos propios:

i. Información sumaria sobre as principais características de todos os elementos dos recursos propios e os seus compoñentes, con inclusión dos instrumentos a que se refire a letra c bis) do artigo 3, os instrumentos en relación cos cales as disposicións prevexan un incentivo ao seu reembolso pola entidade, e os instrumentos suxeitos ao disposto no número 6 do artigo 6 ou que non cumpran os requisitos do número 7 do mesmo artigo 6.

ii. O importe dos recursos propios básicos, indicando de forma independente todos os elementos e deducións.

iii. A cantidade total de recursos propios complementarios, e de recursos propios segundo a definición alternativa destes.

iv. Deducións dos recursos propios básicos e complementarios, con indicación independente das perdas esperadas deducidas das provisións e axustes de valor practicados.

v. Recursos propios admisibles totais, netos de deducións e suxeitos aos límites de cómputo sobre os recursos propios básicos, de segunda e terceira categoría.»

33. Modifícanse as letras o) e p) do número 12 do artigo 153 sobre información ao mercado. Informe sobre solvencia.

«o) Risco de carteira de negociación, tipo de cambio e materias primas: as entidades que calculen as súas exixencias de recursos propios por risco de posición, liquidación e risco de contraparte na carteira de negociación, así como por risco de tipo de cambio e sobre materias primas, divulgarán por separado estas exixencias para cada risco mencionado. Ademais, as exixencias de recursos propios por risco de tipo de xuro específico de posicións de titulización divulgaranse por separado.

p) Risco de carteira negociación: modelos internos. Cada entidade divulgará a seguinte información para o cálculo das súas exixencias de recursos propios, de conformidade cos modelos internos previstos nos artigos 26 a 28:

i. Para cada subcarteira cuberta:

- As características dos modelos utilizados.

- En relación coas exixencias de capital en virtude dos números 7 e 8 do artigo 27 independentemente, os métodos utilizados e os riscos calculados mediante o uso dun modelo interno, con descrición do método aplicado pola entidade para determinar os horizontes de liquidez, os métodos utilizados para



lograr que o cálculo do capital sexa coherente co preceptivo criterio de solidez e os métodos seguidos para validar o modelo.

- Unha descrición das probas de solvencia aplicadas á subcarteira.
- Unha descrición dos métodos utilizados para realizar o back-testing e validar a fiabilidade e coherencia dos modelos internos e dos procesos de modelización.

ii. O alcance da aceptación por parte da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

iii. Descrición dos niveis e as metodoloxías de cumprimento dos criterios establecidos no artigo 27 desta circular.

iv. O importe máximo, mínimo e medio correspondente:

- Ao valor en risco diario durante o período de referencia e ao final deste.
- Ao valor en risco en situación de tensión durante o período de referencia e ao final deste.
- Ás exixencias de capital en virtude dos puntos números 7 e 8 do artigo 27 independentemente, durante o período de referencia e ao final deste.

v. A contía do capital en virtude dos números 7 e 8 do artigo 27 independentemente, xunto co horizonte de liquidez medio ponderado para cada subcarteira cuberta.

vi. Unha comparación do valor en risco diario ao peche da xornada coas variacións dun día do valor da carteira ao termo do seguinte día hábil, xunto cunha análise de todo exceso importante durante o período de referencia.»

34. Modifícase a disposición transitoria primeira. A disposición terá a seguinte redacción:

«Os grupos consolidables de empresas de servizos de investimento, do tipo previsto na letra c) do número 4 do artigo 86 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, que na data de entrada en vigor desta circular teñan xa designada unha entidade obrigada seguirán considerando tal entidade como tal para os efectos da presente circular.»

35. Modifícase o número 1 do artigo 155 sobre información periódica para remitir sobre exixencias de recursos propios, incluíndose os estados referentes a remuneracións mencionados no artigo 146 bis e substitúense algúns estados xa existentes.

«1. As entidades e os seus grupos consolidables suxeitas ás exixencias de recursos propios previstos na presente circular estarán obrigados a remitir á Comisión Nacional do Mercado de Valores os estados recollidos no cadro seguinte, que lles sexan de aplicación, coa periodicidade prevista en citado cadro.

Estado	Denominación	Periodicidade	
		Individual	Consolidado
RP 10	Recursos propios computables.	Mensual.	Semestral.
RP 11	Detalle de solvencia.	n/a.	Semestral.
RP 21	Exixencias de recursos propios por risco de crédito, contraparte e entrega. Método estándar.	Trimestral.	Semestral.
RP 22	Exixencias de recursos propios por risco de crédito, contraparte e entrega. Método IRB.	Trimestral.	Semestral.
RP 23	Exixencias de recursos propios por risco de crédito para posicións de renda variable. Método IRB.	Trimestral.	Semestral.
RP 24	Exixencias de recursos propios por risco de crédito para titulizacións. Método estándar.	Trimestral.	Semestral.
RP 25	Exixencias de recursos propios por risco de crédito para titulizacións. Método IRB.	Trimestral.	Semestral.

Estado	Denominación	Periodicidade	
		Individual	Consolidado
RP 26	Información sobre titulizacións orixinadas.	Anual.	Anual.
RP 27	Exixencias de recursos propios por risco de liquidación e entrega.	Trimestral.	Semestral.
RP 31	Exixencias de recursos propios por risco de posición en renda fixa. Método estándar.	Trimestral.	Semestral.
RP 32	Exixencias de recursos propios por risco de posición en renda variable. Método estándar.	Trimestral.	Semestral.
RP 33	Exixencias de recursos propios por risco de tipo de cambio. Método estándar.	Trimestral.	Semestral.
RP 34	Exixencias de recursos propios por risco de posición en materias primas. Método estándar.	Trimestral.	Semestral.
RP 35	Exixencias de recursos propios mediante modelos internos.	Trimestral.	Semestral.
RP 41	Exixencias de recursos propios por risco operacional.	Trimestral.	Semestral.
RP 42	Información de perdas operativas por liñas de negocio e tipos de evento.	Trimestral.	Semestral.
RP 43	Información de perdas operativas significativas.	Trimestral.	Semestral.
RP 51	Información sobre risco de tipo de xuro en posicións alleas á carteira de negociación.	Trimestral.	Semestral.
RP 52	Información sobre posicións sensibles aos tipos de xuro en actividades que non sexan da carteira de negociación.	Trimestral.	Semestral.
RP 53	Información sobre opcións de tipo de xuro ou de cancelación en actividades que non sexan da carteira de negociación.	Trimestral.	Semestral.
RP 60	Límites aos grandes riscos.	Trimestral.	Semestral.
RP 61	Composición dos grandes riscos suxeitos a límite global.	Trimestral.	Semestral.
RP 90	Información sobre grupos mixtos.	n/a.	Semestral.
RM 1	Información relativa a todos os empregados.	Anual.	Anual.
RM 2	Información relativa aos empregados a que se refire o artigo 146 bis (perfil de risco).	Anual.	Anual.
RM 3	Información sobre as persoas cuxas remuneracións superaron un millón de euros no ano.	Anual.	Anual.

Con independencia do previsto no número 2 deste artigo, os estados RM1, 2 e 3 deberanse remitir anualmente na mesma data que os estados de solvencia RP correspondentes ao peche de maio de cada exercicio.

O contido dos estados reservados recollidos no cadro anterior axustarase ao dos modelos incluídos no anexo I da presente circular.»

*Norma 2.<sup>a</sup> Modificacións da Circular 7/2008, do 26 de novembro, da Comisión Nacional do Mercado de Valores, sobre normas contables, contas anuais e estados de información reservada das empresas de servizos de investimento, sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo e sociedades xestoras de entidades de capital risco.*

1. Modifícase a norma 1.<sup>a</sup> relativa ao ámbito de aplicación, que quedará redactada da seguinte forma:

«Norma 1.<sup>a</sup> *Ámbito de aplicación.*

1. A presente circular será de aplicación aos seguintes tipos de entidades:

a) Ás empresas de servizos de investimento definidas no artigo 64 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e aos seus correspondentes grupos consolidables,

tal como se definen no artigo 86 da mencionada lei (en diante ESI ou grupos de ESI, respectivamente) e nos seus desenvolvementos regulamentarios.

b) Ás sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo (en diante SXIIC) tal como se definen no artigo 40 da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.

c) Ás sociedades xestoras de entidades de capital risco (en diante, SXECCR) tal como se definen no artigo 40 da Lei 25/2005, do 24 de novembro, reguladora das entidades de capital risco e as súas sociedades xestoras.

2. A circular non será de aplicación ás seguintes entidades:

a) As SXIIC e SXECCR que formen parte un grupo consolidable distinto dos grupos de empresas de servizos de investimento axustaranse ao previsto no Código de comercio, no texto refundido da Lei de sociedades de capital e no Plan Xeral de Contabilidade ou á normativa específica que lles resulte aplicable para os efectos de presentación de contas anuais consolidadas.

b) As empresas de asesoramento financeiro definidas no Real decreto 217/2008, do 15 de febreiro, sobre o réxime xurídico das empresas de servizos de investimento e demais entidades que prestan servizos de investimento e polo que se modifica parcialmente o Regulamento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, aprobado polo Real decreto 1309/2005, do 4 de novembro, axustaranse ao previsto no Código de comercio, no texto refundido da Lei de sociedades de capital e no Plan Xeral de Contabilidade para os efectos de presentación de contas anuais individuais. Non obstante o anterior, a norma 6.<sup>a</sup> será de aplicación ás mencionadas empresas de asesoramento financeiro que sexan persoas xurídicas.

c) As entidades reitoras dos sistemas multilaterais de negociación a que se refire o artigo 118 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, que estean operados por unha empresa de servizos de investimento cuxo obxecto principal sexa rexer un sistema multilateral de negociación cando a maior parte do seu negocio e a parte máis significativa dos seus ingresos e gastos procedan da operativa dese sistema.

d) As sociedades que teñan a titularidade de todas as accións dunha sociedade reitora dun mercado secundario oficial, distinto do de débeda pública en anotacións, ou dunha entidade reitora dun sistema multilateral de negociación, cando a súa actividade ou obxecto principal sexa a tenza desas accións e a parte máis significativa dos seus ingresos proceda desa actividade.

e) As entidades referidas nas letras c) e d) anteriores axustaranse ao previsto na Circular da CNMV sobre normas contables, estados de información reservada e pública, contas anuais e auditoría da Sociedade de Bolsas, a Sociedade de Sistemas, as sociedades reitoras dos mercados oficiais de futuros e opcións e outras sociedades reitoras dun mercado secundario oficial distinto do de débeda pública en anotacións.»

2. Modifícase o número 1 da norma 2.<sup>a</sup> relativa ás normas de contabilidade aplicables, que quedará redactado da seguinte forma:

«1. As normas contidas nesta circular constitúen o desenvolvemento e adaptación ás ESI, SXIIC e SXECCR da regulación contable establecida no Código de comercio, a Lei de sociedades de capital, o Plan Xeral de Contabilidade e a normativa legal específica que, de ser o caso, sexa de aplicación ás ditas entidades.

Para as cuestións que non estean especificamente reguladas por esta circular aplicarase a Circular 4/2004, do 22 de decembro, do Banco de España sobre normas de información financeira pública e reservada e, no seu defecto, aplicarase as normas contables españolas vixentes, sempre que sexan compatibles cos criterios xerais establecidos no capítulo primeiro.

Cando unha cuestión non estea regulada na normativa contable española, teranse en conta os criterios establecidos nas normas internacionais de información

financeira adoptadas como regulamentos da Comisión Europea en vigor. Os ditos criterios tamén se utilizarán como subsidiarios das normas deste capítulo sempre que sexan compatibles con estas.»

3. Modifícase a norma 5.<sup>a</sup> relativa ás contas anuais consolidadas, que quedará redactada da seguinte forma:

«Norma 5.<sup>a</sup> *Contas anuais consolidadas.*

1. As contas anuais consolidadas son os estados financeiros dun grupo de entidades, presentadas como se se tratase dunha soa unidade económica e formuladas, unha vez realizados os axustes necesarios, aplicando criterios homoxéneos de recoñecemento e valoración establecidos nesta circular.

2. Os grupos consolidables de empresas de servizos de investimento son aqueles en que existe unidade de decisión ben porque se dea unha situación de control, ou ben porque existan actuacións sistemáticas en concerto, tal como se indica no artigo 86 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e os seus desenvolvementos regulamentarios.

3. Os grupos mencionados no número anterior terán a obriga de formular as súas contas anuais consolidadas nos termos previstos na presente circular. No non previsto atenderase ao disposto no número 1 da norma 2.<sup>a</sup> desta circular.

4. A obriga de formular contas anuais consolidadas, considerada na presente norma, non eximirá ningunha das entidades integrantes do grupo consolidable de formular as súas propias contas anuais individuais, dentro dos prazos establecidos para o efecto pola lexislación que en cada momento resulte aplicable a cada unha delas.

5. Non obstante o disposto en puntos anteriores, os grupos consolidables de ESI que non deban cumprir as súas obrigas de determinación de recursos propios en base consolidada, como aqueles grupos que cumpran os requisitos previstos no número 2 do artigo 43 do Código de comercio, non estarán obrigados a remitir as contas anuais e o informe de xestión consolidados á CNMV, sen prexuízo de cumprir coas obrigas contables que lles sexan de aplicación segundo o previsto na lexislación mercantil.

6. A Comisión Nacional do Mercado de Valores decidirá, nos casos seguintes, como se debe efectuar a consolidación:

a) Cando unha empresa de servizos de investimento exerza, en opinión da Comisión Nacional do Mercado de Valores, unha influencia significativa nunha ou varias empresas de servizos de investimento ou entidades financeiras sen posuír, non obstante, unha participación ou outros vínculos de capital nestas entidades; e

b) Cando dúas ou máis empresas de servizos de investimento ou entidades financeiras se encontren baixo dirección única, sen que esta debese ser establecida por contrato ou por medio de cláusulas estatutarias.

En particular, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá permitir ou prescribir a utilización dos métodos previstos na Circular 7/2008 da CNMV sobre normas contables, contas anuais e estados de información reservada das empresas de servizos de investimento, sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo e sociedades xestoras de entidades de capital risco.

7. A entidade obrigada dun grupo consolidable de ESI será a definida como tal no número 4 do artigo 86 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.»

4. Modifícase o número 3 da norma 6.<sup>a</sup> relativa á rendición e publicidade das contas anuais, que quedará redactado da seguinte forma:

«3. A moeda de presentación das contas anuais, individuais e consolidadas, das entidades españolas será o euro e os importes expresaranse en euros con

dous decimais; non obstante o anterior, poderanse expresar os valores en miles de euros cando a magnitude das cifras así o aconselle, e deberase indicar esta circunstancia nas contas anuais.»

5. Dáse nova redacción ao número 2 da norma 7.<sup>a</sup> relativa a información pública.

«2. As ESI e os seus grupos consolidables remitirán semestralmente á CNMV o balance e a conta de perdas e ganancias e, anualmente, o estado de cambios no patrimonio neto e o estado de fluxos de efectivo, se é o caso, axustados respectivamente aos modelos contidos tanto no anexo I como no anexo II.»
6. Dáse nova redacción á epígrafe «Aspectos relacionados co uso do valor razoable nas combinacións de negocios» da norma 16.<sup>a</sup> -Consideracións relativas ao valor razoable-, que queda redactada como segue:
  - «C) Aspectos relacionados co uso do valor razoable nas combinacións de negocios.

O valor razoable dos activos adquiridos e pasivos asumidos na data en que se produza unha combinación de negocios estimarase conforme o disposto na norma 41.<sup>a</sup> desta circular.»
7. Dáse nova redacción á letra a) do número 7 da norma 17.<sup>a</sup> -Operacións en moeda estranxeira-, que queda redactada do seguinte modo:
  - «a) Todas as diferenzas de cambio que xurdan ao converter ou liquidar as partidas monetarias rexistraranse en resultados como ganancias ou perdas do período. Nas contas anuais consolidadas, as diferenzas de cambio que xurdan de partidas monetarias que forman parte integral dun investimento nunha entidade estranxeira trataranse conforme o disposto na norma 41.<sup>a</sup> desta circular.»
8. Dáse nova redacción ao primeiro parágrafo da letra a) do número 8 da norma 20.<sup>a</sup> -Instrumentos financeiros-, que queda redactada do seguinte modo:
  - «a) As participacións en entidades dependentes, multigrupo e asociadas trataranse de acordo co previsto na norma 41.<sup>a</sup> desta circular. Nas contas anuais individuais estes investimentos rexistraranse polo seu custo de adquisición e deberanse efectuar as correccións valorativas necesarias por deterioración sempre que exista evidencia obxectiva de que o valor en libros dun investimento non será recuperable.»
9. Dáse nova redacción á letra c) do número 9 da norma 25.<sup>a</sup> -Coberturas contables-, que queda redactado do seguinte modo:
  - «c) Coberturas de investimentos netos nun negocio no estranxeiro. Son as que cobren o risco de cambio dos investimentos en entidades dependentes, asociadas, negocios conxuntos e sucursais da entidade que informa cuxas actividades están baseadas ou se levan a cabo nun país diferente ou nunha moeda funcional distinta aos da entidade que informa.»
10. Dáse nova redacción ao número 8 da letra B) da norma 29.<sup>a</sup> -Activos intanxibles-, que queda redactado como segue:
  - «8. O fondo de comercio é un activo que representa beneficios económicos futuros, que non son identificables nin recoñecibles de forma separada ou individual, xurdidos doutros elementos adquiridos como consecuencia dunha combinación de negocios. Cando proceda recoñecer un fondo de comercio, este recoñecerase e medirase de acordo co previsto na norma 41.<sup>a</sup> desta circular.»

11. Dáse nova redacción ao parágrafo terceiro do número 9 da letra C) da norma 29.<sup>a</sup> -Activos intanxibles-, que queda redactado como segue:

«Os activos intanxibles adquiridos nunha combinación de negocios, recoñeceranse de acordo co establecido na norma 41.<sup>a</sup> desta circular.»

12. A norma 30.<sup>a</sup> -Deterioración de activos non financeiros- queda modificada como segue:

Un. Dáse nova redacción á letra A), que queda redactada como segue:

«A) Definicións e identificación de activos deteriorados.

1. Esta norma aplicarase a todos os activos materiais e intanxibles, incluído o fondo de comercio, ao avaliar a súa posible deterioración e, de ser o caso, determinar e recoñecer a perda de valor. Para iso, a entidade deberá ter en conta, ademais dos conceptos definidos nas normas 14.<sup>a</sup> e 15.<sup>a</sup> desta circular, o significado dos activos comúns para determinar a deterioración dunha unidade xeradora de efectivo. Para estes efectos enténdense por activos comúns aqueles activos, diferentes do fondo de comercio, que contribúen a xerar fluxos de efectivo futuros de dúas ou máis unidades xeradoras de efectivo, tales como a sede central ou o centro de proceso de datos da entidade.

2. A entidade valorará, en cada data a que se refiran os estados financeiros, se existen indicios de que algún activo puidese estar deteriorado e, nese caso, estimará o seu importe recuperable tal como se define na norma 14.<sup>a</sup> desta circular. Ao avaliar a posible existencia de deterioración, deberanse considerar tanto os indicios internos como externos, entre outros: diminucións significativas no valor de mercado do activo; evidencia da obsolescencia do elemento; incrementos nos tipos de xuro de mercado que poidan afectar materialmente o importe recuperable do activo; informes internos que indican que o rendemento do activo será inferior ao esperado; e cambios significativos durante o período con efectos adversos no ámbito económico, legal ou tecnolóxico do mercado onde opere a entidade ou ao cal estea vinculado o activo.

3. En calquera caso, a entidade someterá anualmente o fondo de comercio adquirido nunha combinación de negocios á análise de deterioración que se establece na letra D) seguinte e estimará o importe recuperable dos activos intanxibles que teñan vida útil indefinida e dos activos que aínda non estean en condicións de uso.»

Dous. Suprímese a expresión «ou xeográficos» do primeiro parágrafo do número 6 da letra C).

Tres. Suprímense os números 10, 11 e 12 da letra D) e dáse nova redacción ao número 9, que queda redactado como segue:

«9. O fondo de comercio que xurda nunha combinación de negocios asignarase a unha ou máis unidades xeradoras de efectivo que se espera que sexan as beneficiarias das sinerxías derivadas da combinación segundo o previsto na norma 41.<sup>a</sup> desta circular. Non obstante o anterior, para o caso de investimentos en entidades a que se aplique o método da participación, o fondo de comercio incluído no seu valor en libros asignarase integramente ao investimento como activo individual.»

Catro. O número 13 da letra E) e os números 14, 15 e 16 da letra F) pasan a ser os novos 10, 11, 12 e 13, respectivamente.

13. Dáse nova redacción ao número 3 da norma 31.<sup>a</sup> -Activos non correntes mantidos para a venda-, que queda redactado como segue:

«3. As participacións en entidades do grupo, multigrupo e asociadas, así como os activos non correntes, materiais ou intanxibles, que a entidade retirase do uso a que estaban destinados coa intención de vendelos de forma inmediata, clasifícanse como mantidos para a súa venda no balance individual. Nos estados financeiros consolidados presentaranse e valoraranse de acordo coa norma 41.<sup>a</sup> desta circular.»

14. Dáse nova redacción ao número 5 da letra B) da norma 39.<sup>a</sup> -Provisións e continxencias-, que queda redactado como segue:

«5. Os pasivos continxentes non se recoñecerán no balance nin na conta de perdas e ganancias, sen prexuízo do establecido na normas sobre combinación de negocios e consolidación de acordo co que se establece na norma 41.<sup>a</sup> desta circular. A entidade informará da súa existencia na memoria, da forma establecida no anexo correspondente desta circular, salvo que se considere remota a posibilidade de que se produza unha saída de recursos que incorporen beneficios económicos.»

15. Dáse nova redacción á norma 41.<sup>a</sup> -Combinacións de negocios e consolidación-, que queda redactada como segue:

«En materia de "Combinacións de negocios" e "Consolidación de estados financeiros" para a formulación das contas anuais consolidadas, aplicaranse as normas e criterios establecidos na Circular 4/2004, do 22 de decembro, do Banco de España, a entidades de crédito, sobre normas de información financeira pública e reservada e modelos de estados financeiros.

Para estes efectos, as referencias a entidades de crédito ou os seus grupos entenderanse realizadas ás empresas de servizos de investimento ou os seus grupos e as referencias ao Banco de España entenderanse realizadas á Comisión Nacional do Mercado de Valores.»

16. Dáse nova redacción ao número 3 da norma 42.<sup>a</sup> -Integración de sucursais e operacións con representantes-, que queda redactado como segue:

«3. Para integrar as contas das sucursais no estranxeiro cuxa moeda funcional sexa distinta á de presentación dos estados financeiros da entidade, aplicarase o previsto na norma 41.<sup>a</sup> desta circular, e as diferenzas de conversión que xurdan rexistraranse no patrimonio neto, a través do estado de cambios no patrimonio neto, e informarse delas na memoria. Cando coincidan a moeda funcional da sucursal estranxeira e a da entidade aplicarase o disposto na norma 17.<sup>a</sup> desta circular.»

17. Suprímense as normas 43.<sup>a</sup>, 44.<sup>a</sup>, 45.<sup>a</sup>, 46.<sup>a</sup>, 47.<sup>a</sup> e 48.<sup>a</sup> da sección sétima: Combinacións de negocios, integración e consolidación.

18. Dáse nova redacción ao primeiro parágrafo do número 2 da letra C) da norma 49.<sup>a</sup> -Patrimonio neto-, que queda redactado como segue:

«2. A categoría de "Fondos propios" inclúe os importes do patrimonio neto que corresponden a achegas realizadas polos socios ou accionistas, así como a súa devolución, os resultados acumulados recoñecidos a través da conta de perdas e ganancias e non distribuídos, e os compoñentes de instrumentos financeiros compostos que teñan carácter de patrimonio neto. Tamén comprende os importes procedentes de axustes de carácter permanente realizados directamente no patrimonio neto como consecuencia de gastos de emisión ou redución de instrumentos de capital propio, alleamentos de instrumentos de capital propio e ganancias e perdas actuariais en plans de pensións e a reexpresión retroactiva dos estados financeiros como consecuencia de erros e cambios contables. Os importes procedentes das entidades dependentes e multigrupo presentaranse nas partidas que correspondan segundo a súa natureza. Nesta categoría inclúense as seguintes partidas:»

19. Dáse nova redacción á letra c) do número 2 da epígrafe C) da norma 49.<sup>a</sup> -Patrimonio neto-, que queda redactada como segue:

